<i>Título da Obra</i>	<i>Euros</i>	<i>Partida no orzamento</i>
-----------------------	--------------	-----------------------------

Saneamento no núcleo de Poboación de Pousa ("Saa)	55.591,92	441.620
---	-----------	---------

3°.-ADJUDICACIÓN: Realizarase polo procedemento aberto. A oferta do contratista non poderá supera-lo tipo de licitación. As ofertas deberán igualar ou mellora-lo tipo á baixa. O contratista poderá optar igualmente a oferta-lo compromiso de realiza-los aumentos de obra que lle indique a Alcaldía por un importe que determine na oferta sen ningún cargo para o Concello.

A mesa de contratación valorará comparativamente as ofertas presentadas tendo en conta toda a documentación presentada que acredite a experiencia do contratista, a súa dispoñibilidade de maquinaria e a cualificación do seu persoal, especialmente os que teña previsto destinar á obra. No seu informe poderá ter en conta, así mesmo, a calidade doutras obras feitas polo licitador no noso concello ou noutros. En función desa valoración poderá outorgar a cada licitador ata un máximo do trinta por cento dos puntos acadados pola valoración da oferta económica que resulte máis vantaxosa.

A adjudicación farase ó licitador que sume máis puntos. Non se admitirán ofertas que consistan na comparación con outros licitadores.

4°.-EXPEDIENTE: Encóntranse de manifesto na Secretaría do Concello, así como os proxectos técnicos e os pregos de condicións.

5°.-GARANTÍAS: Provisional: non se esixe. Definitiva 5% do importe da adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor engadido. Ós efectos do artigo 136 da Lei30/2007 de 30 de Outubro de Contratos do Sector Público se terá en conta o previsto, no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (R.C.A.P.) aprobado por Real Decreto 1.098/2001 de 12 de outubro.

6°.-PRAZOS: Establécense os seguintes, expresados todos en días naturais. Sen embargo, se un prazo rematase en sábado, domingo ou festivo entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

PRESENTACIÓN	DENDE	ATA
En man no rexistro do Concello	o día seguinte ó da aparición do anuncio no B.O.P.	As 14 horas do vixésimo sexto día seguinte ó da aparición do anuncio no B.O.P.
Por correo certificado ou servizo de mensaxería		Presentarase en Correos ou no servizo de mensaxería no mesmo prazo do punto anterior, comunicándollo por fax ou telegrama ó concello antes do remate de dito prazo. Deberá chegar ó concello antes das 14 horas do decimo día seguinte ó do remate do prazo anterior. Se ese día fose sábado, domingo ou festivo, o seguinte día hábil

APERTURA	DATA E HORA	OBSERVACIÓNS
O sobre de documentación	As doce horas do día hábil seguinte ó do remate do prazo de recepción das proposicións por correo.	Se é sábado, ás doce horas do seguinte día hábil
A oferta económica	As doce horas do carto día seguinte ó da apertura do sobre de documentación	

OUTROS PRAZOS	REMATE	OBSERVACIÓNS
Para completa-la documentación, no seu caso	3 días dende a apertura do sobre de documentación.	
Para presentación da garantía definitiva	quinze días dende a notificación da adjudicación	
Para a formalización do con-	Un mes dende a notificación da	

<i>trato</i>	<i>adxudicación</i>	
<i>Para a comprobación do replánteo</i>	<i>Quince días dende a formalización do contrato.</i>	
<i>Para ó remate das obras</i>	<i>catro meses dende a comprobación do replanteo</i>	<i>Remataranse en todo caso de xeito que se poidan cumprir os prazos establecidos polos organismos que financien as obras</i>
<i>Para a recepción definitiva das obras</i>	<i>Un ano dende a recepción provisional</i>	
<i>Para a devolución de garantías</i>	<i>Aprobada a recepción definitiva</i>	<i>En todo caso deberán estar feitas as obras complementarias ofertadas</i>

7º.-PROPOSICIÓN: Presentaranse en dous sobres pechados que poderán estar lacrados ou precintados e que se titularán “PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN DA OBRA DE _____ SEGUNDO ANUNCIO PUBLICADO NO BOP NÚMERO ____ DE DATA _____, QUE PRESENTA A EMPRESA _____”. Deberán ser asinados no exterior polo licitador ou o seu representante.

O primeiro deles, que pode ser común para varias obras no caso de licitación simultánea, substitúlarase “DOCUMENTACIÓN”, e nel incluírase a que resulte de aplicación da que se sinala, sen prexuízo de aquela outra que o licitador estime oportuna:

A que acredite a personalidade xurídica do empresario e no seu caso a súa representación, así como a súa capacidade de obrar:

- Fotocopia compulsada do D.N.I., N.I.F. ou C.I.F. do licitador e, no seu caso, do seu representante.*
- Poder a favor do representante, no seu caso, verificado por letrado.*
- Fotocopia compulsada da escritura de constitución ou modificación inscrita, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.*

A que acredite, no seu caso, a clasificación da empresa ou xustifique os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional:

A solvencia económica e financeira acreditarase por un dos seguintes documentos:

- Informe de institucións financeiras, ou no seu caso, xustificación da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.*
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras e traballos feitos pola empresa nos últimos tres anos.*

A solvencia técnica ou profesional acreditarase coa presentación dun ou varios dos seguintes documentos:

- Títulos académicos e experiencia do empresario, dos cadros da empresa e do responsable da obra.*
- Relación das obras executadas nos últimos cinco anos acompañada dos certificados de boa execución das máis importantes.*
- Declaración da maquinaria, material e equipo técnico de que disporá o empresario para a execución das obras.*
- Declaración sobre os efectivos persoais medios anuais da empresa indicando o grao de estabilidade no emprego dos mesmos e a importancia dos seus equipos directivos nos últimos tres*

anos.

- Declaración indicando os técnicos ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, das que se dispoña para a execución das obras.

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar de acordo co previsto no artigo 49 e concordantes da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, incluíndo expresamente a circunstancia de estar ó corrente no cumprimento coas medidas tributarias e coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a empresa que resulte proposta para a adxudicación deba de acreditarlo documentalmente antes de que se produza a adxudicación.

As empresas estranxeiras, que deberán aporta-la documentación traducida de xeito oficial ó castelán ou ó galego, xuntarán declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, coa renuncia expresa o foro xurisdiccional que lle puidera corresponder ó licitante.

No segundo sobre, que levará o subtítulo “OFERTA ECONÓMICA”, incluírase a proposición económica de acordo co seguinte modelo:

Don _____, con DNI vixente número _____, en nome propio (ou en representación da empresa _____, con NIF número _____, comprométese a executa-la obra de _____, de acordo co proxecto técnico e prego de condicións aprobados pola Corporación, que coñece e acepta, e polo prezo de _____ (_____) euros.

Dito prezo supón unha baixa de _____ (_____) euros.

Así mesmo, comprométese a realiza-los aumentos de obra que ordene a Alcaldía, valorados pola dirección de obra conforme o proxecto técnico e sen cargo para o Concello, pola cantidade de _____ (_____) euros

(lugar, data e sinatura)

Incluírase así mesmo canta documentación queira o contratista facer valer na adxudicación das obras relativa ó persoal, maquinaria, experiencia e outras similares así como condicións complementarias que ofrezca.

8º.- APERTURA DE PLICAS: Será en acto público, na data que, para cada un dos sobres, resulte en aplicación da base seis, ó que se invita polo presente anuncio de concurso expresamente ós licitadores ou ós seus representantes. A mesa de contratación, que realizará unha proposta de adxudicación, estará presidida polo Alcalde e formará parte dela o Concelleiro Delegado de Obras, o Técnico Municipal, e o Secretario-Interventor do Concello, actuando como Secretario de mesa un funcionario da Corporación. A adxudicación realizaraa o Pleno do Concello.

9º.- GASTOS: Corren por conta do licitador que resulte adxudicatario, os gastos dos anuncios necesarios para a contratación. No seu caso, os gastos de anuncios ratearanse entre as obras que se inclúan nestes.

10º.- OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS: Ó contratista obrégaselle a cumpri-las normas vixentes en materia laboral, de seguros sociais, contratación de persoal.

11º.- DIRECCIÓN DE OBRA: O director de obra nomeado polo Alcalde exercerá as funcións de dirección, inspección e control que lle corresponden ó órgano de contratación podendo, de acordo coa Alcaldía, ditar as instrucións oportunas para o cumprimento do convido, podendo esixi-la adopción de medidas concretas no caso de accións ou omisións do contratista que perturben ou comprometan a boa marcha do contrato.

12º.- EXECUCIÓN DA OBRA: As obras executaranse con estrita subxección ás estipulacións contidas

no prego de cláusulas Económico Administrativas Particulares e ó Proxecto Técnico que serve de base ó contrato e conforme as instrucións que en interpretación deste dese ó contratista o director facultativo das obras. Cando ditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no mais breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

A execución do contrato comezará coa acta de comprobación do replanteo, que terá lugar como máximo ó mes, dende a data de formalización do contrato. A comprobación do replanteo das obras se efectuará en presenza do adxudicatario ou d seu representante, de conformidade co disposto no artigo 212 e concordantes da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público

13º.- INTERPRETACIÓN DO CONTRATO: As incidencias que xurdan por diferenzas de interpretación do convindo ou necesidades de modifica-las condicións contractuais serán obxecto de resolución motivada do órgano de contratación mediante expediente contradictorio con audiencia ó contratista e informe do servizo, de secretaría e de Intervención no seu caso.

14º.- PROGRAMA DE TRABAJO: O contratista presentará, dentro do prazo dun mes, a contar dende a adxudicación definitiva, un programa de traballo nos termo establecidos no artigo 128 do Regulamento Xeral de Contratación, que terá que ser sancionado polo Sr. Alcalde-Presidente, previo informe do Director Técnico da obra. De non presentalo no prazo indicado, ou de non merecer a aprobación do Sr. Alcalde, entenderase que o contratista acepta integramente o figurado no proxecto técnico.

15º.- CUMPRIMENTO DE PRAZOS: O contratista ten a obriga de cumprir-las prazos establecidos no proxecto técnico e nestas bases, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. O incumprimento dos prazos establecidos sancionarase de acordo co establecido no artigo 95 do 95 do R.C.A.P..

16º.- SANCIONS Ó CONTRATISTA: A perda da garantía definitiva e as sancións establecidas no artigo anterior, que serán deducidas das certificacións de obra, non exclúen, no seu caso, a indemnización por danos e prexuízos a que houbera lugar orixinados pola demora do contratista como pode ser, entre outras, a perda de subvencións que financien as obras.

17º.- RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS: Corresponde ó contratista a indemnización a terceiros polos danos e prexuízos que se lles ocasionen con motivo da execución das obras agás que sexan consecuencia directa e inmediata dunha orde da Administración ou de vicios do proxecto.

18º.- PRINCIPIO DE RISCO E VENTURA: O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuízo do establecido no artigo 199 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público

19º.- RESPONSABILIDADE: Durante o período de vixencia do contrato que se estende dende a comprobación do replanteo ata a recepción definitiva o contratista é responsable da obra e dos defectos na construción que podan advertirse.

20º.- SINALIZACIÓN: O contratista obrígase a colocar un cartel relacionado coa obra que se adxudica. Este cartel deberá cumprir-las características que figuren no modelo que con ese fin se lle entregará. Obrígase tamén a coloca-las sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desvío, etc. de acordo co disposto no Código de Circulación. Así mesmo, adoptará tódalas precaucións precisas desde o comezo das obras ata o seu total remate, e será responsable persoalmente dos accidentes motivados polo incumprimento desta cláusula.

21º.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO: O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato con subxección ó disposto nos artigos 202, 232 e 233 e concordantes da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

No caso de supresión ou redacción de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha, sen prexuízo no disposto no artigo 272 daquela Lei, relativa ás causas de resolución do contratos de obras.

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do Proxecto, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará

de conformidade co disposto no artigo 217 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

O contratista deberá leva-los Libros de Ordes e Incidencias, previamente dilixenciados.

22°.- PAGO: O contratista terá dereito ó abono da prestación realizada de acordo co establecido na Lei, no contrato e de acordo co prezo convidado. O pago farase contra a certificación de obra realmente executada acompañada de relación valorada expedida polo técnico director da obra e aprobada pola Comisión de Goberno. O prazo para proceder ó pago das certificacións será de dous meses dende a súa expedición, sen prexuízo do establecido no punto seguinte.

O contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas, como instalacións e provisión de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, na forma coas garantías que, a tal efecto, determina o artigo 200.3. e concordantes da Lei 30/2007 da Lei de Contratos do Sector Público.

23°.- LIQUIDACIÓN: Os aumentos de obra ofertados polo adxudicatario sen cargo para o Concello, valoraranse e certificaranse polo director de obra en función dos prezos de partidas similares que figuren no proxecto. Se o contratista ofertase a realización de aumento de obra, e pola razón que fose non as executase, o seu importe, aumentado nun 10%, descontarase do total das certificacións de obra, considerándose, a estes efectos, como se fose unha baixa na licitación.

O Concello non procederá ó pago da última ou últimas certificacións que sexan precisas para supera-lo importe sinalado no paragrafo anterior ata a certificación das obras complementarias, sen que esta demora poda ser considerada como incumprimento por parte do Concello nin podan ser esixidos por esta causa xuros ou indemnización.

24°.- REVISIÓN DE PREZOS: Os prezos figurados no proxecto técnico que serve de base para a contratación non serán obxecto de revisión.

25°.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO: O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este sexa realizado de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Concello na totalidade do seu obxecto

26°.- RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA: As obras serán recibidas provisionalmente dentro do mes seguinte ó da notificación escrita do contratista de que están acabadas e mediará un prazo de garantía dun ano, a contar dende a sinatura de recepción das obras.

Durante dito prazo coidará o contratista en todo caso, da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dera lugar a que perigue, as obras executaranse pola propia administración e a costa do contratista, os traballos necesarios para evita-lo dano.

27°.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO: O contrato resolverase polas causas sinaladas no artigo 206 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e cos efectos establecidos en dita Lei e demais normativa de aplicación.

28°.- CESIÓN DO CONTRATO: A cesión do contrato deberá ser autorizada polo Pleno do Concello debendo cumprirse os requisitos establecidos no artigo 209 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público. En todo o caso o cesionario deberá igualar ou supera-los criterios de solvencia que foran causa da adxudicación.

29°.- SUBCONTRATACIÓN. O contratista poderá subcontratarlle a terceiros a realización parcial da obra de acordo co sinalado no artigo 115 da Lei ata unha porcentaxe total máxima do 50% do orzamento da mesma. Das subcontratacións que realice deberá dar conta ó Concello por escrito sinalando as partes do proxecto a realizar polo subcontratista e xuntando declaración responsable deste de non estar inhabilitado para contratar nin en ningunha das causas previstas no artigo 49 da citada lei. nin incurso en suspensión de clasificación.

En todo caso a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Concello seguirá sendo do adxudicatario.

30°.- DEREITO SUPLETORIO: No non previsto nos pregos de condicións, estarase ó establecido pola

lexislación vixente e ó que, no seu caso, resolva a Corporación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

7º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito de 14 de xullo da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, e as necesidades do concello, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la inclusión no Plan de actuación global de infraestruturas vitícolas na Ribeira Sacra Lucense de 2008 da obra de “afirmado de camiños para o viñado na Pobra do Brollón” cun orzamento aproximado de douscentos cincuenta e oito mil setecentos oitenta e sete euros con vinteseis céntimos (258.787,26 €), financiados pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.*

2.- *Acepta-la execución da obra indicada en réxime de cooperación coa Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.*

3.- *Por a dispor da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante as mesmas.*

4.- *Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.*

5.- *Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.*

6.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.*

7.- *Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

8º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

O concello ten vontade de normaliza-la utilización do galego en toda a súa actividade, pero non conta cun servizo de normalización lingüística polo excesivo custo que supón para o concello. En consecuencia, e vista a liña de axudas establecidas para tal fin pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Crear o servizo local de normalización lingüística.*

2.- *Solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 12 de xuño de 2008 (D.O.G. número 121/2008 de 24 de xuño) unha achega por importe de seis mil euros (6.000,00 €) para a súa posta en funcionamento, aceptando integramente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Medio Ambiente:

O noso concello está parcialmente afectado pola denominada Rede Natura 2000. esta pertenza supón diversas limitacións, pero ó mesmo tempo é unha oportunidade de desenvolvemento. Consonte co anterior e a vista da liña de achegas establecida a tal fin pola Xunta de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la execución da actuación “ruta ambiental e cultural polo camiño de ferro” e a correspondente memoria.*

2.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible ó abeiro da orde de 6 de xullo de 2008 (D.O.G. 115/2008 de 16 de xullo) unha achega por importe de dez mil euros (10.000,00 €) equivalente ó 89,13% do orzamento para a realización da actuación, aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a trinta de decembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezanove de agosto de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as catorce horas do día dezanove de agosto de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día vintenove de maio de dous mil oito.

2º.- ADXUDICACIÓN DE OBRAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de contratación da obra que se cita, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudica-la execución da obra de Acondicionamento do campo de festa de Oútara á empresa Narom S.L. con N.I.F. B-36.163.418 representada por D. Manuel Fernández Morán con D.N.I. número 34.870.987-C no prezo ofertado de doce mil euros (12.000,00 €).*

2.- *A obra executarase de acordo co proxecto e pregos de condicións aprobados polo concello e as indicacións da dirección de obra.*

3.- *O contratista deberá executar obras complementarias a indicación do concello e sen custo para este por valor de cento vinte euros (120,00 €) valoradas ó prezo do proxecto.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de contratación da obra que se cita, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudica-la execución da obra de Acondicionamento da praza pública de Ferreirúa á empresa Narom S.L. con N.I.F. B-36.163.418 representada por D. Manuel Fernández Morán con D.N.I. número 34.870.987-C no prezo ofertado de vinte mil euros (20.000,00 €).*

2.- *A obra executarase de acordo co proxecto e pregos de condicións aprobados polo concello e as indicacións da dirección de obra.*

3.- *O contratista deberá executar obras complementarias a indicación do concello e sen custo para este por valor de cento setenta e cinco euros (175,00 €) valoradas ó prezo do proxecto.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENCIAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, e tendo en conta que o expediente estivo exposto ó público por prazo de 20 días mediante a colocación do correspondente edicto no taboleiro do concello, e a súa publicación no diario El Progreso sen que se presentase ningunha alegación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Informar favorablemente, ós efectos do previsto no artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia a solicitude de Gouzallas Solar S.L. con N.I.F. B-27.362.870 representada por D. José Ramón Méndez Quiroga con D.N.I. número 34.259.840-Y, de licencia para a construción dun parque fotovoltaico na parroquia de Lamaigreja, lugar da Vilar de Peras (parcelas 126 e 128 do polígono catastral 65).*

2.- *Remitir o expediente á Dirección Xeral de Urbanismo para os efectos previstos no devandito artigo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, e tendo en conta que o expediente estivo exposto ó público por prazo de 20 días mediante a colocación do correspondente edicto no taboleiro do concello, e a súa publicación no diario El Progreso sen que se presentase ningunha alegación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Informar favorablemente, ós efectos do previsto no artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia a solicitude de Gouzallas Solar S.L. con N.I.F. B-27.362.870 representada por D. José Ramón Méndez Quiroga con D.N.I. número 34.259.840-Y, de licencia para a construción dun parque fotovoltaico na parroquia de Lamaigreja, lugar da Vilar de Peras (parcelas 122 e 123 do polígono catastral 65).*

2.- *Remitir o expediente á Dirección Xeral de Urbanismo para os efectos previstos no devandito artigo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. Manuel Fernández Vizcaíno con D.N.I. número 34.144.760-H para realizar obras de reparación e conservación da vivenda sita no lugar de Lama número 8 na parroquia de Eixón (referencia catastral 000401300PH21D0001LU).*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de douscentos cinco euros con cincuenta e un céntimos (205,51€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. Miguel Mastrapa Cruz con documento de identidade número X-8.843.357-H para a apertura dunha carpintería artesán no baixo do edificio 88 da Avda. de Galicia na Pobra do Brollón.*

2.- *Para o funcionamento da actividade deberá dar cumprimento estricto ás condicións que no seu informa sinala o técnico do concello.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de sesenta e sete euros con setenta e un céntimos (67,71 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada, e tendo en conta que segundo se dispón no artigo 96.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica se rateará por trimestres naturais en caso de baixa definitiva do vehículo, e por outra parte que a interesada non procedeu ó pago do imposto en período voluntario polo que se lle aplicou o correspondente recargo de prema e xuros, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Acceder parcialmente ó solicitado por D^{na}. Ana Belén Díaz Prieto con D.N.I. número 34.263.175-Y no que respecta á devolución do principal do recibo polo Imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ós tres últimos trimestres de 2005 por un importe total vintecinco euros con cincuenta e seis céntimos (25,56 €).*

2.- *Rexeitar a solicitude no que respecta ó recargo de prema e ós xuros por ser estes imputables ó incumprimento pola interesada de paga-lo imposto no prazo establecido.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as presentadas polos veciños que se indican, ás que xuntan a documentación acreditativa de que os vehículos dispoñen de cartilla de inspección agrícola e tendo en conta o establecido no artigo 94.1 f) da lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Declara-la exención a efectos do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, dos vehículos que se citan:*

So-
metida a vo-
tación a an-
terior propo-
sta
por unanimidade acórdase a súa aprobación.

<i>Propietario</i>	<i>D.N.I</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Vehículo</i>	<i>Efectos</i>
<i>José Antonio Martínez Vázquez</i>	<i>34.247.072-A</i>	<i>E-7765-BDX</i>	<i>Rotoempacadora</i>	<i>2008</i>
<i>Carlos González Gallego</i>	<i>34.262.862-S</i>	<i>E-1386-BDY</i>	<i>Autocargador</i>	<i>2008</i>
<i>José Antonio Enríquez Rodríguez</i>	<i>34.263.818-M</i>	<i>E-1054-BFC</i>	<i>Tractor</i>	<i>2008</i>

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas reclamacións presentadas así como a documentación adxunta ás mesmas, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Dar de baixa no imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica os seguintes vehículos e con efectos dende o exercicio que se sinala:

<i>Propietario</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>José Ramón Fernández López</i>	<i>34.250.850</i>	<i>LU-3449-D</i>	<i>2007</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

<i>Titular</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>José Antonio Parada Móndeo</i>	<i>76.620.319-M</i>	<i>8575-FXH</i>	<i>2009</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Visto o escrito 10.432/2008 da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Augas de Galicia) relativa á obra que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la separata do proxecto de mellora do abastecemento de auga na Pobra do Brollón que inclúe a memoria, orzamento e planos.*

2.- *Comprometerse a por a dispor da Administración Hidráulica de Galicia os terreos e augas necesarios para a execución da obra libres de cargas e gravames.*

3.- *Comprometerse a entrega-las autorizacións e permisos administrativos necesarios para a execución das obras.*

4.- *Renunciar á retención de calquera tipo de taxa, licencia, canon ou imposto de carácter local por mor das obras.*

5.- *Comprometerse a asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras unha vez recibidas pola Administración Hidráulica e entregadas por esta ó concello e a realizar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.*

6.- *Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as catorce horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a once de setembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de setembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as oito horas e trinta minutos do día quince de setembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda aproba-la acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día dezanove de agosto de dous mil oito.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a seguinte relación de gastos efectuados polo Concello, propono á Xunta de Goberno Local a súa aprobación.

Empresa	Concepto	Importe	
Antonino Castro Fernández	Viaxes de taxi alumnos curso	87,61	87,61
Autotaxis Litos S.L.	Servicio de taxi para alumnos dun curso	58,12	58,12
CPU COMPUTERS S.L.	Aluguer de material audiovisual para curso	3.235,00	4.430,82
	Consumibles para curso	765,00	
	Retroprojector	430,82	
Farmacia Touza	Material para curso	268,30	268,30
José Augusto Alves	Servicio de taxi para alumnos de curso	27,16	27,16
Librería E. Mapa	Temarios curso auxiliar enfermería xeriatria	435,30	435,30

<i>Empresa</i>	<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>	
<i>Limiar S.C.</i>	<i>Material de escritorio para curso</i>	<i>105,06</i>	<i>105,06</i>
<i>Manuel López Páez</i>	<i>Viaxes de taxi con alumnos dun curso</i>	<i>81,79</i>	<i>81,79</i>
<i>Ortoforte S.L.</i>	<i>Materiais para curso formativo</i>	<i>235,45</i>	<i>884,12</i>
	<i>Materiais para curso formativo</i>	<i>648,67</i>	
<i>Ramón Castro López</i>	<i>Viaxes de taxi con alumnos dun curso</i>	<i>87,61</i>	<i>87,61</i>
<i>Total</i>		<i>6.465,89</i>	<i>6.465,89</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENCIAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo con C.I.F. número Q-1500322-A representada por D. Jesús Moreno González para executar as obras de reparación dun pendello para forraxe e dun camiño de acceso no lugar Finca Robles, parroquia de Veiga neste termo.*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que se desprenden do informe do Técnico Municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de setecentos vintedous euros con sete céntimos (722,07 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. José Luís Ayán Menéndez, con D.N.I. número 34.228.691-M para executar as obras de reparación e conservación dunha vivenda no lugar de Campo nº. 5, parroquia de Fornelas neste termo (referencia catastral: 001300200PH21D0001MU).*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que se desprenden do informe do Técnico Municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cincocentos cincuenta euros con vintetrés céntimos (550,23 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D^{na}. Carmen Quiroga Quiroga, con D.N.I. número 34.237.064-T para executar as obras de reparación e conservación dunha vivenda na rúa Ferreiro nesta vila, parroquia da Pobra do Brollón neste termo (referencia catastral: 2032216PH3123S0001FQ).*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que se desprenden do informe do Técnico Municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cincuenta e dous euros con cincuenta e un céntimos (52,51 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D^{na}. Purificación Besteiro Castaño, con D.N.I. número 34.248.414-B para executar as obras de reparación e conservación dunha vivenda no lugar da Ferreirúa de Abaixo, parroquia da Ferreirúa neste termo (referencia catastral: 000201100PH31E0001FB).*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que se desprenden do informe do Técnico Municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de noventa e tres euros con once céntimos (93,11 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D^{na}. María Pilar Mondelo Macía, con D.N.I. número 34.253.871-V para executar as obras de construción dun alpendre de 25 m². no lugar de Fondo de Vila, parroquia de Abrence neste termo (parcela 149 do polígono catastral 38).*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que se desprenden do informe do Técnico Municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de oitenta e tres euros con oito céntimos (83,08 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D^{na}. María Pilar Mondelo Macía, con D.N.I. número 34.253.871-V para executar as obras de cerramento dunha finca nun longo de noventa e oito metros con base de bloques, postes e tela metálica no lugar de Fondo de Vila, parroquia de Abrence neste termo (parcela 149 do polígono catastral 38).*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que se desprenden do informe do Técnico Municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de sesenta e nove euros con sete céntimos (69,07 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. Luís Villa López, con D.N.I. número 34.145.336-L para executar as obras de cerramento dunha finca nun longo de dous metros e un decímetro con base de bloques, postes e tela metálica no lugar de Lama, parroquia de Eixón neste termo (parcela 63 do polígono catastral 19).*

2.- *Na execución das obras deberá dar estricto cumprimento ás condicións que se desprenden do informe do Técnico Municipal.*

3.- *Esta licencia que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de corenta e seis euros con un céntimo (46,01 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:*

<i>Titular</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>Manuel Besteiro Ferreiros</i>	<i>76.616.222-W</i>	<i>1439-BBM</i>	<i>2009</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas así como a documentación adxunta ás mesmas da que resulta que a súa antigüidade é superior ós 25 anos, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Dar de baixa no imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica os seguintes vehículos e con efectos dende o exercicio que se sinala:*

<i>Propietario</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>Vicente Rubio Gimenez</i>	<i>24.315.067-L</i>	<i>V-5074-BG</i>	<i>2009</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO.

Dáse conta da seguinte proposta da mesa de contratación do servizo de referencia:

Visto o proceso de contratación do servizo que se indica, e tendo en conta que só se presentou unha proposición, e que esta cumpre os requisitos establecidos esixidos nas bases, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudicar a realización do servizo de “estudio de bens, recursos e potencialidades do concello da Pobra do Brollón para a implantación de novas oportunidades de desenvolvemento local” á empresa Sociedade Cooperativa Galega Aldea Nova con C.I.F. número F-27.382.126 representada por D^{na}. Ana Belén Fernández Fernández con D.N.I. número 76.619.593-S no prezo ofertado de quince mil cincocentos euros.*

2.- Os traballos se realizarán de acordo co establecido nos pregos de condicións e na oferta presentada.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

6º.- FESTAS LOCAIS PARA 2009.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos Nacionalista e Socialista:

Visto o escrito 142/131 de 11 de setembro da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Declarar como festas locais para 2009 as seguintes:*

<i>Día</i>	<i>Festividade</i>
<i>15 de xuño</i>	<i>Luns seguinte ó Corpus</i>
<i>27 de agosto</i>	<i>San Victoiro</i>

2.- *Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e cinco de setembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de outubro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as oito horas e trinta minutos do día dezasete de outubro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Non comparece o Concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día quince de setembro de dous mil oito.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a seguinte relación de gastos efectuados polo Concello, propono á Xunta de Goberno Local a súa aprobación.

Empresa	Concepto	Importe	
Abeleda Edicións	Revista Ribeira Sacra	174,00	348,00
	Revista Ribeira Sacra	174,00	
Adade	Estudio económico Dentro da Terceira Idade	4.548,42	4.548,42
Allianz Ras	Seguro do vehículo 4212-GGL	1.243,50	1.243,50
Almacenes Agrelo	Material para obras	411,44	411,44
Antonio Casal Moure	Sinais e postes	765,00	765,00
Arenal Perfumerías S.L:	Bolsas lixo	7,90	7,90
Ascensores Enor S.A.	Adecuación do ascensor da Casa da Cultura	444,51	583,71
	Servizo de conservación	139,20	

Empresa	Concepto	Importe	
Asociación cultural Folkgasas	Sesiões de risoterapia	434,10	434,10
Asociación Cultural O Trícole	Actuación en festa dos Guímaros	300,00	300,00
Atisae	Inspección do ascensor da Casa da Cultura	111,55	111,55
Autoradio	Transporte dun farol	41,34	41,34
B.O.P. de Lugo	Inserción de anuncios	22,20	22,20
Bombas Dopa	Bomba e bridas	2.266,64	2.266,64
BricoKing	T.B. Fibrapán 3MM	4,40	4,40
Caixa Renting	Central telefónica	11,53	421,76
	Central telefónica	12,37	
	Central telefónica	50,00	
	Central telefónica	50,00	
	Central telefónica	50,00	
	Central telefónica	82,62	
	Central telefónica	82,62	
	Central telefónica	82,62	
CANON	Mantemento de fotocopiadora	11,88	274,05
	Mantemento de fotocopiadora	262,17	
Chaos Mantenimento y Reparación	Traballos en alumeados públicos	726,07	726,07
Código Sport	Material deportivo	281,86	586,48
	Material deportivo	304,62	
Cohors III Lucensium	Actuación feira do viño de Vilachá	1.392,00	1.392,00
Vehículos Industriales TAR S.L:	Adquisición vehículo recollida de lixo	120.000,00	120.000,00
Comité Técnico de Árbitros de Fútbol	Honorarios torneo de fútbol Sala	400,00	400,00
Compañía Fredi	Actuación teatral	385,20	385,20
Correos y Telégrafos	Envío Postal Exprés	8,51	445,22
	Franqueo correo mes de agosto	151,90	
	Franqueo correo mes de setembro	284,81	
Cuarcitas Pena redonda S.L:	Portes e traballos para o concello	1.856,00	1.856,00
El Progreso	Inserción de anuncios	184,44	829,71
	Inserción de anuncios	184,44	
	Inserción de anuncios	184,44	
	Inserción de anuncios	184,44	
	Subscripción trimestral	91,95	
Electro Stocks	Soporte para poste	780,41	1.330,95
	Tubo aiscan	550,54	

Empresa	Concepto	Importe	
EnComún	Publicidade	140,67	140,67
Espectáculos Espín	Organización festa da malla	522,00	522,00
Espúblico	Bases de datos xurídicas	754,00	754,00
Ferca Lugo S.L.	Material eléctrico	145,02	2.608,29
	Material eléctrico	500,31	
	Material eléctrico	851,90	
	Material eléctrico	1.111,06	
Ferretería Davila S.L.	Materiais diversos	395,84	1.070,55
	Tubarias e outros	674,71	
Ferretería Rivera C.B.	Materiais de ferraxería para obras	11,70	8.555,38
	Materiais de ferraxería para obras	17,75	
	Materiais de ferraxería para obras	30,04	
	Materiais de ferraxería para obras	35,72	
	Materiais de ferraxería para obras	38,01	
	Materiais de ferraxería para obras	81,31	
	Materiais de ferraxería para obras	323,41	
	Materiais de ferraxería para obras	365,90	
	Materiais de ferraxería para obras	381,45	
	Materiais de ferraxería para obras	658,71	
	Materiais de ferraxería para obras	2.794,18	
	Materiais de ferraxería para obras	2.835,37	
	Materiais de ferraxería para obras	18,10	
	Materiais de ferraxería para obras	64,94	
	Materiais de ferraxería para obras	73,19	
	Materiais de ferraxería para obras	141,21	
	Materiais de ferraxería para obras	161,36	
	Materiais de ferraxería para obras	248,34	
	Materiais de ferraxería para obras	274,69	
Floryfauna	Caraveis para a festa dos avós	126,26	329,56
	Caraveis para a festa dos Guímaros	96,30	
	flores para a festa do Corpus	107,00	
G.S.I.	Fita illante e fita multiúsos	232,00	232,00
Gasogal.	Gasóleo agrícola	865,20	1.831,20
	Gasóleo para vehículos do Concello	966,00	
Hergaya	475,50 Tm, de áridos	438,48	4.300,35

Empresa	Concepto	Importe	
	475,50 Tm, de áridos	3.861,87	
Hnos. Sánchez Pontenova S.L.:	Reparación tractor	54,98	4.858,46
	Reparación tractor	329,51	
	Reparación tractor	631,46	
	Reparación tractor	3.842,51	
Hormigones la Éstrella	27 m ³ de formigón	1.724,17	12.816,30
	81 m ³ de formigón	5.609,41	
	82 m ³ de formigón	5.482,72	
Imprenta Fénix	Carteis torneo de fútbol	252,88	1.895,96
	Material de oficina	150,80	
	Material de oficina	496,48	
	Material de oficina	995,80	
José Antonio Rodríguez Lois	Traballos con cisterna	449,00	449,00
José Manuel Losada Losada	Material carpintería para obras	3.215,16	3.215,16
Joyería Camilo	Placa de homenaxe	135,00	135,00
López Rivadeneira Mauel J.	Actuación dun pianista	348,00	348,00
Manuel Casanova Castro	Traballos para o Concello	232,00	2.253,30
	Traballos para o Concello	243,60	
	Traballos para o Concello	345,10	
	Traballos para o Concello	649,60	
	Traballos para o Concello	783,00	
MAPFRE Mutualidad	Seguro vehículo LU-103607-V	128,17	128,17
MAPFRE Seguros Generales	Seguro de responsabilidade civil curso	148,82	604,18
	Seguro de responsabilidade civil curso	455,36	
Marcos Hermida Trastoy	Proxecto iluminación rúa María Castaña	1.924,05	1.924,05
María Antonia Pérez López	Comida festa dos Guímaros	10.111,50	10.111,50
Mármoles Lemos	Peza para un banco	87,00	87,00
Neumáticos Río Quiroga.	4 cubertas para un vehículo	596,33	596,33
Organización Artística Santiaguesa	Actuación do humorista Lito	417,60	417,60
Otero	Tubos e outros	406,28	406,28
Pistacatro Productora de Soños S.L.	Actuación cultural	417,60	417,60
Quivacolor S.L.	Bobinas de papel e outros	272,37	600,19
Quivacolor S.L.	Tudex	327,82	
Radio Principal S.A.	Publicidade Radiobalón	30,67	30,67
Raseira S.L.	1 redución	25,86	25,86

Empresa	Concepto	Importe	
RECAMBIOS TRM,S.L.L.	Coitelas para a rozadoira e outros	119,60	1.185,87
	Coitelas para a rozadoira e outros	518,40	
	Coitelas para a rozadoira e outros materiais	409,41	
	Materiais diversos	84,29	
	Respaldo Tuning Dinamic Unidad	54,17	
Restaurante 1º de Maio	Pinchos de orde do Alcalde	50,00	50,00
Restaurante As Viñas	Comidas de orde do alcalde	105,00	205,00
Restaurante As Viñas	Pinchos entrega camión lixo	100,00	
Santos Hector S.L.	Reparación emisor de Tv do Lor	261,00	261,00
Sercoy S.A.	Honorarios proxecto	9.644,76	9.644,76
Smile Price S.L.	Diccionario de sinónimos	120,00	120,00
SOGAMA	Tratamento R.S.U. no mes de setembro	2.354,57	2.354,57
Sol Red	Gasóleo e outros	1.322,70	1.322,70
Suministros Gallegos S.L.	Eléctrodos, lanza e pistola	268,25	595,09
	Material diverso	326,84	
Supermercado Buxán	1 bombona de butano	14,20	81,45
	2 bombonas de butano	28,40	
	Produtos de limpeza	38,85	
Supervisión y Control S.A.	Inspección Técnica do Vehículo LU-4148-F	42,05	42,05
Talleres Armajo S.L.	Reparación vehículo C-5443-BB	488,41	488,41
Talleres Vidal	Reparación remolque	15,78	4.290,19
	Reparación tractor	92,80	
	Reparación tractor	220,63	
	Reparación tractor	298,58	
	Reparación tractor	476,81	
	Reparación tractor	694,68	
	Reparación tractor e rozadoira	34,03	
	Reparación tractor e rozadoira	598,71	
	Reparación vehículo 0233-CKP	186,12	
	Reparación vehículo 1237-BFG	552,19	
	Reparación vehículo 1237-BFG	656,84	
	Reparación vehículo B-3506-JF	101,01	
	Reparación vehículo C-0522-AW	275,58	
	Reparación vehículo C-5443-BB	86,43	
Tesagua	Reparación motor de bombeo de augas	985,49	985,49

Empresa	Concepto	Importe	
Transportes Souto	Portes de paquete recibido	4,06	12,18
	Portes de paquete recibido	4,06	
	Portes de paquete recibido	4,06	
Traseira S.L.	Tubo de formigón e cono concéntrico	61,00	61,00
TV-/ Monforte	Publicidade	69,60	69,60
Vilano Producións	Danzas populares	180,00	180,00
WURTH, Software y Servicios	Contrato de soporte aplicacións informáticas	1.804,43	1.804,43
Xosé Lois López Otero	Asistencia técnica 2º trimestre 2008	2.459,58	4.074,71
	Asistencia técnica 3º trimestre 2008	1.615,13	
		229.228,75	229.228,75

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a Unión Fenosa Distribución S.A. para a reforma da liña de media tensión (LMTA) na Estación, segunda fase.*

2.- *Na execución das obras deberá darse cumprimento as condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cento catro euros con trinta e tres céntimos (104,33 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do Técnico do Concello, e tendo en conta que o expediente estivo sometido a exposición pública por prazo de vinte días sen que se presentase ningunha reclamación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Informar favorablemente a solicitude de licenza para a apertura e funcionamento dunha Central Térmica de Biomasa no lugar de Os Medos (parcela 867a do polígono catastral 67) presentada por D. José Manuel Villanueva García con D.N.I. número 35.430.463-K en representación da empresa Bioenergíalicia S.L. con N.I.F. B-36.550.481.*

2.- *Remitir o expediente á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Téndose acreditado no expediente instruído ó efecto, mediante certificación final de obra, informe do técnico municipal e da Delegación Provincial de Sanidade da Xunta de Galicia, que por Dña. Ana María Martínez Parada, con domicilio en Santalla de Rei, se teñen cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias para a ampliación dunha nave agrícola, actividade para a que se

concedeu licenza provisional con data de vinte e sete de setembro de dous mil sete, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder a D^{na}. Ana María Martínez Parada con D.N.I. número 34.258.122-J, Licenza Definitiva para a ampliación dunha nave agrícola no lugar de O Couto, parroquia de Santalla de Rei deste termo (parcela 388 do polígono catastral 7), licenza que deberá ser expedida pola Secretaría do Concello e servirá ó interesado como documento acreditativo desta concesión.

2.- Aproba la liquidación definitiva por importe de catro mil cincuenta e tres euros con trinta e un céntimos (4.053,31 €) que deberán ter sido ingresados nas arcas municipais para que esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, teña eficacia.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Miguel Mastrapa Cruz con D.N.I. número X-8843357-H para a apertura dun foxo dun longo de 1,20 m fronte ó número 88 da avda. de Galicia nesta vila para a acometida á rede de saneamento.

2.- Na execución das obras deberá darse cumprimento as condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de noventa e nove euros con setenta e tres céntimos (99,73 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Antonio Castro Fernández con D.N.I. número 34.248.098-J para a reforma de baixo e planta primeira para bar e tenda no edificio número 2 da rúa Carreira en Salcedo neste termo (referencia catastral 000707600PH31B0001WH)

2.- Na execución das obras deberá darse cumprimento as condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de mil douscentos vinte e sete euros con cincuenta e un céntimos (1.227,51 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. José Rodríguez Fernández para realizar obras de reparación e conservación da vivenda sita no lugar e parroquia de Castrosante, número 33 neste termo (referencia catastral, 002202200PH31E0001kB).

2.- As obras se executarán respectando integramente as condicións que no seu informe sinala o arquitecto do concello.

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de catrocentos trinta e dous euros con corenta e nove céntimos (432,49 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. Manuel Parada Vázquez para realizar obras de reparación e conservación da vivenda sita no lugar e parroquia de Castrosante neste termo (referencia catastral, 00220100PH31E00014B).*

2.- *As obras se executarán respectando integramente as condicións que no seu informe sinala o arquitecto do concello.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de oitenta e seis euros con trinta e seis céntimos (86,36 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D^{na}. Marina González Ballestero para realizar obras de reparación e conservación da vivenda sita no lugar de Ponte número 4, parroquia de Veiga neste termo (referencia catastral, 002100300PH31G001AG).*

2.- *As obras se executarán respectando integramente as condicións que no seu informe sinala o arquitecto do concello.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de trescentos un euros con setenta e un céntimos (301,71 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, a autorización do Servizo de Estradas da Xunta de Galicia e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. José Vila Vázquez para realizar obras de construción dun cerramento de finca de 130 m de longo no lugar de Pacios de Veiga, parroquia da Ferreirúa na marxe dereita do P.K. 8,950 da estrada LU-653 da Estación da Pobra do Brollón a Hospital (parcela 382 do polígono catastral, 90).*

2.- *As obras se executarán respectando integramente as condicións que no seu informe sinala o arquitecto do concello e a autorización do Servizo de Estradas da Xunta de Galicia.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de setenta e seis euros con setenta e seis céntimos (76,76 €) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada, as autorizacións da Deputación Provincial de Lugo e da Comisaría de Augas da Confederación Hidrográfica do Miño e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a Dna. Encarnación Ligeró Vaca veciña de Vilanova i la Geltrú para proceder ó cerramento da finca sita na marxe dereita da estrada LU-4713, da Pobra do Brollón á LU-652, en Cereixa, no tramo urbano da Pobra do Brollón.

2.- As obras se executarán respectando integramente as condicións que no seu informe sinala o arquitecto do concello e as que resultan das autorizacións da Deputación Provincial e da Confederación Hidrográfica do Miño.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cento trinta e oito euros con setenta e oito céntimos (138,78 €) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas así como a documentación adxunta ás mesmas da que resulta que a súa antigüidade é superior ós 25 anos, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Dar de baixa no imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica os seguintes vehículos e con efectos dende o exercicio que se sinala:

Propietario	D.N.I.	Matrícula	Efectos
Ermitas Pardo Gordín	34.167.435-S	OR-1720-G	2009
Dionisio Parada Puente	34.212.839-V	LU-3750-F	2009

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- PUNTOS DE LUZ.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Autorizar ós veciños que se relacionan para a colocación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

2.- Que, rematada-las instalacións, o Concello se fará cargo do consumo, conservación e mantemento delas.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
Antonio López Expósito	1	Frieira 7	Abrence

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

6º.- ACOMETIDA ELÉCTRICA Ó CENTRO DE DÍA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello ten concedida unha achega da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para realizar a acometida eléctrica do Centro de Día, requisito indispensable para a súa posta en marcha. En consecuencia propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Proceder á acometida eléctrica do Centro de Día.

2.- Solicitar da empresa subministradora Unión FENOSA S.A. que proceda a realizar os correspondentes traballos para dita acometida.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

7º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Nos últimos anos o Concello conta cunha persoa contratada como axente de emprego e desenvolvemento local, servizo subvencionado pola Xunta de Galicia. A importancia dos traballos que desenvolve aconsellan que unha vez máis se manteña dito servizo. En consecuencia proponho a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo proxecto de funcionamento no Concello da Pobra do Brollón do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.

2.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 21 de agosto de 2008 da (D.O.G. número 167/2008 de 29 de agosto) una subvención por importe do 80% dos custos do proxecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellería.

4.- Dar conta deste acordo ó Pleno do Concello na seguinte sesión que celebre para a súa ratificación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a doce de xaneiro de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte de outubro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte de outubro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN INTERINA DE TRABALLADOR SOCIAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello tiña ata agora o servizo de traballo social a través do de Bóveda. Feitas diversas xestións se acadou una achega da Xunta de Galicia para contar, no futuro con un traballador social exclusivo para este concello. Compre pois, proceder a súa contratación interina para logo convocar o proceso selectivo que proceda para a contratación laboral fixa de dita praza. Consonte co anterior, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- 1.- Aproba-las bases que rexerán o concurso público para a contratación laboral temporal da persoa que desempeñará o posto de traballador social que figuran a seguir.*
- 2.- Convocar o correspondente proceso selectivo.*

Bases que han de rexer a urxente contratación temporal, mediante concurso público, para cubrir interinamente, en réxime de contratación laboral, a praza de traballador/a social adscrita ós servizos sociais que presta o concello da Pobra do Brollón, en tanto se tramita o regulamentario proceso selectivo para cubri-la vacante producida polo cese da titular da mesma.

1º.- *Obxecto da convocatoria*

a).- Contrato laboral de duración determinada mediante concurso público, para cubrir interinamente a praza de Traballador/a Social dos Servizos Sociais do Concello da Pobra do Brollón, dotada das retribucións que lle corresponden á praza.

b) Duración do contrato.- O da tramitación do procedemento regulamentario de selección e contratación, para cubri-la vacante producida pola creación dunha nova praza subvencionada pola Xunta de Galicia.

2º.- Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate d prazo de presentación de solicitudes de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

➤ *Cidadanía:*

- *Ser cidadán español.*
- *Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea.*
- *Ser cónxuxe, non separado de dereito, de cidadán español ou dun Estado membro da Unión Europea.*
- *Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva ás súas expensas.*
- *Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.*
- *Ser estranxeiro con residencia legal en España.*

➤ *Idade:*

- *Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.*

➤ *Titulación:*

- *Estar en posesión do Título de Diplomado en Traballo Social ou Asistente Social, ou en condicións de obtelo na data en que remate a presentación de instancias. (Deberá aportar fotocopia compulsada).*

No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ó esixido ou obtido no estranxeiro, deberase xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.

➤ *Outros:*

- *Ter acreditada a validación do coñecemento da lingua galega.*
- *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante certificado médico oficial.*
- *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.*
- *Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.*

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

O mesmo tempo quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes.

3º.- Solicitudes

As instancias solicitando tomar parte no concurso, en modelo Oficial que figura en Anexo destas Bases, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón, no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no B.O.P. de Lugo. Si o último día do prazo resulta inhábil ou sábado, entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte non sábado. Tamén poderán presentar as instancias na forma prevista no artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

Na instancia farase constar que reúne tódolos requisitos esixidos na base 2ª da convocatoria e deberá acompañala documentación orixinal ou fotocopia compulsada que acredite os méritos a computar para fase de concurso. Debendo tamén axuntarse unha fotocopia do D.N.I.

O modelo oficial da instancia solicitando participar no concurso de méritos se publicará na páxina Web do Concello www.pobradobrollon.com podendo así mesmo obter o impreso nas oficinas do Concello.

4º.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina Web do concello da Pobra do Brollón, na que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos.

5º.- Composición e actuación do tribunal

O Tribunal Cualificador do Concurso estará constituído polos seguintes membros:

Un Presidente: O Secretario do Concello da Pobra do Brollón ou persoa en quen delegue.

Vocais:

- A traballadora social que desempeñou ata a data o posto da praza que se convoca.*
- Outros dous traballadores sociais nomeados polo Alcalde.*

Secretario: Un empregado do Concello da Pobra do Brollón.

6º.- Actuación do tribunal

a) Tódolos membros do Tribunal terán voz e voto agás o Secretario que terá so voz.

b) O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros; exceptúase o que actúe de Secretario.

c) O Tribunal poderá en calquera momento dirixirse ós aspirantes para que acrediten a súa identidade.

d) O Tribunal queda facultado para resolve-las dúbidas que xurdan e para toma-los acordos necesarios para o desenvolvemento das probas, e todo o non previsto nestas bases.

7º.- Do concurso

O procedemento de selección dos aspirantes será mediante concurso.

Aos aspirantes valoraráselles os méritos acreditados segundo se detalla:

Tempo traballado: certificación ou vida laboral acompañada dos contratos correspondentes.

Expediente académico e cursos: Copia cotexada dos títulos e da certificación das cualificacións e dos xustificantes de asistencia no seu caso.

Os méritos non xustificadas convenientemente non serán valorados.

8º.- Cualificación de méritos

1.- Expediente Académico: Puntuación máxima 2,00 puntos. Valorase a nota media na carreira.

Notable..... 1,00 puntos

Sobresaliente..... 1,50 puntos

Matrícula..... 2,00 puntos

2.- Experiencia Profesional: Puntuación máxima 20 puntos, desagregados da seguinte forma:

2.1.- Experiencia Profesional remunerada:

2.1.1.- Na Administración: 0,25 puntos por mes.

2.1.2.- Na Iniciativa Privada: 0,15 puntos por mes.

2.2.- Experiencia Profesional non remunerada: 0,05 puntos por mes.

3.- Asistencia a Xornadas, Cursos: Puntuación máxima por este concepto 10 puntos.

Curso de menos de 20 horas..... 0,40 por curso.

Curso de 21 a 100 horas..... 0,80 por curso.

Curso de mais de 100 horas..... 1,20 por curso.

4.- Participación activa en Cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver como relator ou organizador: Puntuación máxima por este concepto 3,00 puntos.

0,30 puntos por curso no que se participou como organizador, relator, etc.

5.- Publicacións relacionadas directamente coa actividade a desenvolver: Puntuación máxima 4,00 puntos.

0,30 puntos por publicación. A publicación ten que ser en libros ou revistas indicando o correspondente I.S.B.N..

6.- Docencia sobre materias relacionadas directamente coa actividade a desenvolver puntuación máxima 5,00 puntos.

0,40 puntos por mes.

7.- Coñecemento de Galego: Puntuación máxima por este concepto 1,00 puntos.

Curso de Iniciación..... 0,50 puntos

Curso de Perfeccionamento..... 1,00 puntos.

A puntuación máxima nos méritos é de 45,00 puntos.

8.- Entrevista Persoal: 5,00 puntos

A cualificación definitiva obtense da suma das puntuación obtidas para os aspirantes na fase de Concurso mais a que obteñan na entrevista persoal.

9ª.- Relación de aprobados

Rematada a fase de Concurso o Secretario do Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina Web do concello da Pobra do Brollón www.pobradobrollon.com, a relación de aprobados por orde de puntuación, comunicándoo por calquera medio os aspirantes.

O Tribunal non poderá propoñer para a súa Contratación a máis aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta contraria o establecido será nula de pleno dereito.

Sen embargo a lista dos aspirantes non nomeados ordenada pola orde de puntuación acadada se utilizará para cubrir a praza en caso de vacante ou calquera outro motivo. A validez desta lista será de un ano.

As persoas que figuren en dita lista poderán ser chamadas para ser contratadas en caso de vacante ou baixa que precise ser cuberta por necesidades do servizo. En función da urxencia dito chamamento poderá ser por e-mail, teléfono ou sms. De non ser localizada a persoa a que lle corresponda se chamará sucesivamente ás seguintes sen que nese caso a persoa non localizada perdese o dereito ó seu posto na lista para futuros chamamentos.

As persoas chamadas que non acepten o contrato que se lles ofrezca pasaran ó final da lista agás que xustifiquen causas de enfermidade, lesión, embarazo, ou parto, en cuxo caso manterán a súa posición na lista para eventuais novos chamamentos.

A persoa contratada por un tempo por causa de baixa, vacacións ou da persoa que neste proceso se seleccione, será a primeira en ser chamada se eventualmente se producira unha nova necesidade doutro contrato.

10ª.- Presentación de documentos

O aspirante proposto presentará na Secretaría do Concello, no prazo de dous días naturais contados dende o seguinte ó da publicación no Taboleiro de anuncios da proposta, os seguintes documentos:

a) Documento nacional de identidade.

b) Fotocopia compulsada do título esixido.

c) Certificado médico no que se acrediten os extremos sinalados na Base 2ª.

d) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública, en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Se dentro do prazo indicado e, excepto os casos de forza maior, os aspirantes propostos non presentasen a documentación esixida ou do exame da mesma se comprobasen que carece dalgún dos requisitos sinalados na Base 2ª, quedarán anuladas tódalas actuacións perdendo todo o dereito ó seu nomeamento, sen prexuízo das responsabilidades que puideran serlle esixidas, por falsidade ou calquera outra.

11ª.- Contratación

Unha vez aprobada por decreto da Alcaldía a proposta do tribunal cualificador, notificaráselle ó interesado para que subscriba o seu contrato laboral temporal, no prazo de dous días a contar dende o seguinte á notificación do acordo.

Senón o subscribe no citado prazo, perderá o seu dereito a acceder ó posto de traballo.

12ª.- Disposición final.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- CONTRATACIÓN DE OBRA.

Se pasa a estudio do proceso de contratación da obra que se indica. A proposta da mesa de contratación trala valoración dos servizos técnicos do concello e a adxudicación á empresa Narom S.L.

A portavoz do grupo Socialista manifesta que non está de acordo coa forma que se fixo a valoración xa que se teñen en conta criterios que non son de interese para o concello como é o feito de que a empresa asigne un técnico de grado medio á execución da obra. Indica que lle parece máis obxectiva a valoración polo prezo correspondendo neste caso á adxudicación a Orgasaviales de Lugo S.L. en todo caso, engade, estima que o informe non é vinculante.

O Alcalde manifesta que a súa opción é seguir o indicado no informe técnico por ser máis obxectivo.

Sometida a votación a proposta se obteñen dous votos a favor do grupo nacionalista e dous en contra do grupo Socialista. Repetida a votación se repite o empate quedando aprobada polo voto de calidade da Alcaldía a seguinte proposta:

1.- *Adxudicar a obra de “Saneamento no núcleo de poboación de Pousa (Saa)” á empresa Narom S.L con N.I.F. B-36.163.418 representada por D. Manuel Fernández Morán no prezo ofertado de cincuenta e un mil seiscientos corenta e catro euros con oitenta e nove céntimos (51.644,89 €).*

2.- *A empresa executará as obras de acordo co previsto no proxecto técnico e pregos de condicións e as indicacións da dirección de obra.*

3.- *A empresa realizará sen cargo para o concello obras complementarias que lle indique o concello valoradas pola dirección de obra a prezos equivalentes ós ofertados por un importe total de tres mil catrocentos catro euros (3.404,00 €).*

3º.- ALEGACIONES Ó TRAZADO DA AUTOVÍA A-76.

Se analiza, en relación co estudio do trazado da autovía A-76 a conveniencia de contratar unha empresa que elabore as alegación a presentar ó Pleno, ou que sexan os servizos municipais os que ás elaboren. Vista a natureza das alegacións a presentar, se acorda por unanimidade que a proposta a realicen os servizos técnicos e xurídicos do concello.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte de xaneiro de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

MARÍA JOSÉ LÓPEZ MORGADE, SECRETARIA EN FUNCIONS DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezanove de novembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dezanove de novembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario en funcións a funcionaria interina, María José López Morgade, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

+ Dáse conta da seguinte proposta da concelleira de cultura

Visto o expediente para a realización das obras de “equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais”, propoño a Xunta de Goberno Local para que adopte o seguinte acordo:

1º.- *Aprobar o convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello da Pobra do Brollón para a realización do acondicionamento da biblioteca e da sala de música da casa da cultura, de acordo coas cláusulas que se sinalan a seguir:*

2.- *Facultar ó concelleiro- delegado de cultura para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e a alcaldía expresamente para a sinatura do convenio.*

3.- *Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión que se celebre.*

PRIMEIRA.- *A Consellería de Cultura e Deporte comprométese a entregar ó Concello de Pobra do Brollón a cantidade de dez mil cincocentos oito euros con trinta céntimos (10.508,30€), como contribución para a realización do Acondicionamento da biblioteca e da sala de música da Casa da Cultura. Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432B.760.0 dos presupostos xerais da comunidade autónoma galega para 2008.*

SEGUNDA.- *O concello de Pobra do Brollón comprométese pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades- tanto impresa coma audiovisual- a colaboración da Consellería de Cultura e Deporte, utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Asemade comprométese ó cumprimento das obrigas contidas na lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subven-*

cións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Consello de contas.

No caso de que o Concello concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ó disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura e Deporte efectuará o libramento dos fondos contra a factura expedida pola empresa adxudicataria, ou certificación de obra no seu caso, xuntándose certificación do secretario da corporación que transcriba o acordo ou resolución do órgano do concello con competencia para a súa aprobación, segundo o previsto na vixente Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2008. O prazo para xustificalos investimentos remata o 15 de decembro de 2008.

CUARTA.- O concello da Pobra do Brollón comprométese a destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura e Deporte poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de aseguralo cumprimento das normas e requisitos cos que se concede a contribución.

QUINTA.- Créase cunha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución do presente convenio, formada polo director xeral de Creación e Difusión Cultural e o alcalde do Concello. As discrepancias derivadas da execución e interpretación do convenio serán resoltas pola Consellería de Cultura e Deporte, co que se porá fin a vía administrativa.

SEXTA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste, e así mesmo procederá o reintegro da subvención polo incumprimento por parte do beneficiario das obrigas derivadas do presente convenio de conformidade co disposto no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

OITAVA.- O período de vixencia deste convenio durará ata o 30 de decembro de 2008

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2.- SUBVENCIÓNS DO ANO 2008.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as bases que se inclúen nas de execución do orzamento para a concesión de subvencións do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Convocar o concurso para a concesión de subvencións para funcionamento de asociacións e organización de actividades culturais e deportivas.

2.- Que rematado o proceso de presentación de solicitudes, e tras a proposta da comisión encargada, se eleve ó Pleno para a súa concesión.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acordase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Dirección Xeral de Urbanismo e o Informe do Técnico do Concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^a M^a Dolores Martínez Vázquez, con DNI número 76616221R veciña da Pobra do Brollón e con domicilio en Cabo número 6 da parroquia de Pinel para a construción dun almacén para forraxes no lugar citado (parcela 366 do polígono catastral 44).

2.- Na execución das obras deberá darse cumprimento ás condicións que se sinalan na autorización da Dirección Xeral de Urbanismo e no informe do Técnico do Concello.

3.- Esta licenza que se outorga salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pagamento previo da cantidade a que ascenden as taxas e impostos municipais segundo liquidación practicada pola intervención municipal por un importe total de cincocentas dezanove euros e dez céntimos (519,10)€

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do Técnico Municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D Adolfo Rubio Pascual con DNI número 46339308N para realizar obras de reparación de cuberta da vivenda situada na parroquia de Liñares, lugar de Cobos (referencia catastral 001100100PH30E0001RE).

2.- Na execución das obras deberá de darse cumprimento ás condicións sinaladas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se outorga salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pagamento previo da cantidade a que ascenden as taxas e impostos municipais segundo liquidación practicada pola intervención municipal por un importe total de cento sesenta e cinco euros e cincuenta e un céntimos (161,51)

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, o informe do técnico municipal e a autorización da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Benito Pedredo Sotelo con DNI número 34228524Q para realizar unha rampla salvacunetas na Avda. da Estación da parroquia de Castroncelos do lugar de A Estación (parcela 7 do polígono catastral 35).

2 - Na execución das obra deberá darse estrito cumprimento ás condicións indicadas no informe do arquitecto municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo

3.- Esta licenza que se outorga salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pagamento previo da cantidade a que ascenden as taxas e impostos municipais segundo liquidación practicada pola intervención municipal por un importe total cento quince euros con setenta e tres céntimos (115,73 €).

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO.

Dáse conta da seguinte proposta da mesa de contratación do servizo de referencia:

Visto o proceso de contratación do servizo que se indica, e tendo en conta que se presentaron 6 proposicións e tendo en conta a proposta da mesa de contratación, propónse a Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

1.- Adxudicar a realización do servizo de "vixilancia sanitaria de augas de consumo humano" á empresa Gestión y Técnicas del Agua S.A. (GESTAGUA), con CIF número A78139755, representada por D^a Mercedes Del Pino Fernández- Couto Gómez, con DNI número 32635929X no prezo ofertado para o ano 2009 de nove mil cincocentos corenta e tres

euros e corenta e nove euros, cunha baixa de mil catrocentos cincuenta e seis euros e cincuenta e un céntimos e coas melloras recollidas na oferta.

2.- Os traballos se realizarán de acoro co establecido nos pregos de condicións e na oferta presentada.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acordase a súa aprobación.

5º.- NOMEAMENTO REPRESENTANTE CONSELLO ESCOLAR.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito do Colexio Público da Pobra do Brollón de data 12 de novembro de 2.008 relativo a solicitude de designación dun representante do Concello para formar parte do Consello Escolar, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Nomear a D. Javier González González, como representante do Concello no consello escolar do Colexio Pública da Pobra do Brollón.

2º.- Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acordase a súa aprobación.

6º.- COLABORACIÓN CONCELLO COA LIGA PARTIDOS BENÉFICOS BENEFICIOS PIZARREIRAS.

Dáse conta da seguinte proposta do equipo de goberno

Vista a situación dos traballadores afectados polo pleche dalgunhas canteiras de pizarra da comarca e tendo en conta que algúns deles viven no noso Concello, proponemos a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adquirir 125 entradas (fila 0) dos partidos benéficos que se xogarán por esta causa por importe de mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €).

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acordase a súa aprobación

7º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello está nos últimos anos reformando os alumeados públicos na procura dun aforro enerxético que por un lado abarate os custos para o concello e doutro contribúa, aínda que dun xeito modesto, a reduci-los efectos do cambio climático. Para continuar este programa, e vista a liña de axudas establecida ó efecto pola Xunta de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo proxecto da “mellora da iluminación en Salcedo” elaborado por “Abante, arquitectura e ingeniería” cun orzamento total de vinte e sete mil setecentos cincuenta e tres euros con quince céntimos (27.753,15 €).

2.- Solicitar do Instituto Enerxético de Galicia da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o abeiro da resolución de 6 de xuño de 2008 (D.O.G. número 173/2008 de 8 de setembro) unha achega por importe de once mil cento un euros con vinte e seis céntimos (11.101,26 €).

3.- Comprometerse a executar a obra no caso de obter a achega, e a financiar o importe do orzamento non cuberto pola subvención.

4.- Aceptar integramente as condicións establecidas na citada resolución.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello está nos últimos anos reformando os alumeados públicos na procura dun aforro enerxético que por un lado abarate os custos para o concello e doutro contribúa, aínda que dun xeito modesto, a reduci-los efectos do cambio climático. Para continuar este programa, e vista a liña de axudas establecida ó efecto pola Xunta de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo proxecto da “instalación de iluminación pública a Área Saa” elaborado por “Abante, arquitectura e ingeniería” cun orzamento total de vinte e nove mil douscentos cincuenta e un euros con sesenta e seis céntimos (29.251,66 €).

2.- Solicitar do Instituto Enerxético de Galicia da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o abeiro da resolución de 6 de xuño de 2008 (D.O.G. número 173/2008 de 8 de setembro) unha achega por importe de once mil setecentos euros con sesenta e sete céntimos (11.700,67 €).

3.- Comprometerse a executar a obra no caso de obter a achega, e a financiar o importe do orzamento non cuberto pola subvención.

4.- Aceptar integramente as condicións establecidas na citada resolución.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e cincuenta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dezoito de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de novembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e catro de novembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO.

Dáse conta da seguinte proposta da mesa de contratación do servizo de referencia:

Declarado deserto o procedemento negociado de contratación da obra "Acondicionamento e sinalización dunha ruta" incluída dentro do programa de actividades de divulgación, formación educativa e estudos técnicos da Rede Natura 2000, ó non presentarse ningunha das empresas invitadas no prazo establecido, e tendo que proceder a contratación urxente, se procedeu a establecer negociación coa empresa "Construcciones Fernando" con CIF número 34245252T, que accedeu a realizar o servizo nas condicións establecidas, consonte co anterior propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- *Adxudicar a obra de "Limpeza e sinalización da ruta ambiental e cultural do ferro", a empresa Construcciones Fernando, con CIF número 34.245.252-T, representada por D. Fernando Castro López con DNI número 34.245.252-T de acordo coa memoria aprobada por importe de tres mil seiscentos vinte e dous euros con dez céntimos (3.622,10 €) correspondente a anualidade 2008 e de sete mil cincocentos noventa e sete euros con noventa céntimos (7.597,90 €) correspondente a anualidade 2009.*

2.- *A empresa executara as obras no termo e tempo establecido na orde da Xunta de Galicia pola que se financia este servizo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acordase a súa aprobación.

2º.- APROBACIÓN BASES PRAZAS VACANTES CONCELLO.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a oferta de emprego público do concello para o ano dous mil oito, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- *Aproba-las bases dos procesos selectivos para cubrir en propiedade as prazas que figuran na oferta de emprego público para o ano dous mil oito, que figuran como anexos ó presente.*

2.- *Convocar os procesos selectivos que se sinalan:*

<i>Praza</i>	<i>Clase</i>	<i>Número</i>	<i>Observacións</i>
<i>Administrativo</i>	<i>Funcionario</i>	<i>1</i>	<i>Promoción interna</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Funcionario</i>	<i>2</i>	<i>Concurso oposición</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Laboral</i>	<i>2</i>	<i>Concurso (media xornada)</i>
<i>Capataces</i>	<i>Laboral</i>	<i>3</i>	<i>Concurso</i>
<i>Técnico local de emprego</i>	<i>Laboral</i>	<i>1</i>	<i>Concurso</i>

Bases da convocatoria para provisión en propiedade de unha praza de Administrativo incluída na oferta de emprego público do concello da Pobra do Brollón para o ano 2008.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

E obxecto da convocatoria a provisión en propiedade por oposición restrinxida mediante o procedemento de promoción interna, de unha praza de administrativo integrada no C subgrupo C-1 de Administración Xeral, subescala administrativo. Esta praza está dotada cos haberes básicos correspondentes e as retribucións outorgadas pola Corporación a nivel xeral.

A quen resulte nomeado lle será de aplicación a Lei 53/84 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ó servizo das AA.PP.

As presentes bases, así como os seus anexos, rexerán o proceso selectivo, de conformidade co previsto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 30/84 de 2 de agosto, Lei 7/85 de 2 de abril, Lei 5/97 de 22 de xullo da Admón. Local de Galicia o R.D. 364/95 de 10 de marzo, R.D. 896/91 de 7 de xullo e Lei 4/88 de 26 de maio da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación.

SEGUNDA. Publicidade

As presentes bases, xunto cos seus anexos, publicaranse integramente no BOP de Lugo, e en extracto no BOE, con indicación do nº do BOP no que foron publicadas integramente.

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, publicaranse unicamente no taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello (www.pobradobrollon.com) de conformidade co previsto no art. 59.13 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

TERCEIRA. Requisitos que han de reunir os aspirantes para concorrer á convocatoria.

Para tomar parte nas probas de selección será necesario:

- Estar en posesión do título de bacharelato superior ou equivalente.*
- Ser funcionario do Concello da Pobra do Brollón do grupo C subgrupo C-2 subescala auxiliar administrativo (anteriormente grupo D) cunha antigüidade mínima de dous anos.*

Os requisitos establecidos nestas bases, deberán posuírse na data de finalización do prazo da presentación de solicitudes e gozar deses requisitos durante o proceso selectivo.

CUARTA. Documentación.

As instancias, no modelo que figura como anexo II a estas bases, dirixiranse ó Sr. Alcalde, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, ou na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

A presentación farase no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte no que apareza publicado o último anuncio da convocatoria no BOE

Ás instancias, acompañaranse os documentos que se indican:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou documento equivalente.*
- Fotocopia compulsada do título de Bacharelato Superior, título equivalente ou superior.*
- Certificación acreditativa do posto que desempeña e antigüidade no mesmo.*

QUINTA: Lista provisional e definitiva.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo de un mes, o Alcalde aprobará as listas provisionais de admitidos e excluídos que se farán públicas integramente no taboleiro de anuncios do Concello, comunicándose esta exposición mediante anuncio no BOP. A lista de excluídos indicará para cada un dos seus compoñentes as causas de exclusión.

Durante 10 días, de conformidade co previsto no art. 71 da Lei 30/92 de 26 de novembro, poderase solicitar a rectificación de erros e presentar reclamacións ás listas provisionais. Quen non presente a solicitude da rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación.

No caso de existir reclamacións á lista provisional, serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, quen na mesma sesión aprobará as listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos, que serán publicadas novamente, indicando, no seu caso, as causas de exclusión, e sinalarase lugar, data e hora para o comezo dos exercicios, xunto coa composición do tribunal, o que se fará público nos termos do punto 1 desta mesma base.

SEXTA: Tribunal cualificador.

O tribunal estará compostos por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como presidente do tribunal. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. A súa composición nominal se publicará no Boletín Oficial da Provincia conxuntamente coa fixación da data do primeiro exercicio.

Como secretario do tribunal actuará un empregado do concello designado polo Alcalde.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas nas probas que o estime necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e a súa actuación se limitará ó exercicio das súas especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados na categoría b) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade

SÉTIMA: Desenvolvemento das probas selectivas e cualificación:

De conformidade co previsto no artigo 59.6 b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do procedemento selectivo, se publicarán no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello (www.pobradobrollon.com)

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade a xuízo do tribunal.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ó que non comparezan.

Non obstante o anterior as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame. A citada notificación leva consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante ós datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, en base á información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Dende a total conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito (48) horas e máximo de corenta días (40) días naturais.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase unha acta polo/a Secretario/a do mesmo na que se farán constar as cualificacións dos exercicios dos aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

OITAVA: Sistema de selección e cualificación dos exercicios.

O sistema de oposición será o de oposición restrinxida, e consistirá na realización dos exercicios que se relacionan a continuación:

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na contestación a un test de cincuenta preguntas facilitado polo Tribunal no momento do exame, durante o período máximo de unha hora e trinta minutos, e que versará sobre algunha das materias contidas no temario da presente convocatoria (anexo I).

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dun suposto práctico relativo a persoal, orzamentos ou contabilidade.

Terceiro exercicio: De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na tradución, de un texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego e outro de galego a castelán nun tempo máximo de unha hora.

Tódolos exercicios serán obrigatorios e cualificados ata un máximo de 10 puntos, quedando eliminados os opositores que non acaden un mínimo de 5 puntos en cada un deles, excepto no de galego. A cualificación dos exercicios será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal excluíndose as puntuacións que teñan unha diferenza superior a 2 puntos da media.

A puntuación final de cada opositor estará formada pola suma das puntuacións obtidas en cada exercicio da fase de oposición

Unha vez rematadas as probas, o Tribunal remitirá a proposta da persoa aprobada á Alcaldía para o seu nomeamento, xunto co expediente e actas.

En ningún caso o Tribunal poderá aprobar a máis de un aspirante, xa que o número de prazas a cubrir é unha.

NOVENA: Presentación de documentos, nomeamento e toma de posesión.

O aspirante proposto presentará no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir do momento en que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos de reuni-los requisitos establecidos na convocatoria.

Habida conta de que os aspirantes han de ser funcionarios do Concello, o aspirante proposto polo Tribunal aportará soamente os documentos específicos para esta praza, que é a titulación, podendo acreditar este, ben co título, ben con certificado de depósito de dereitos ou certificación equivalente.

Quen, dentro do mencionado prazo e salvo caso de forza maior non presentase a documentación, non poderá ser nomeado, quedando anuladas tódalas súas actuacións ser prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade da súa instancia.

Concluído o proceso selectivo e aportados os documentos a que se fai referencia anteriormente, o Alcalde, de acordo coa proposta do Tribunal cualificador, procederá a nomear funcionario de carreira ó opositor designado polo Tribunal que deberá tomar posesión no prazo de 30 días a contar desde o seguinte ó que lle sexa notificado o nomeamento.

O funcionario deberá previamente prestar xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/79.

No caso de non tomar posesión no prazo de un mes ser causa xustificada, quedará na situación de cesante coa perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento concedido.

ANEXO I

De conformidade co disposto no Real Decreto 896/91, o programa da convocatoria consta de 40 temas, non obstante, segundo o previsto no art. 77 do Real Decreto 364/95 do 10 de marzo, os aspirantes a esta praza da quenda de promoción interna están exentos das materias das que acreditaron suficientes coñecementos mas probas de ingreso, quedando reducidos a 20 temas que se transcriben a seguir.

1.- Constitución Española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e Deberes

- 2.- *O Tribunal Constitucional.*
- 3.- *O Defensor do Pobo.*
- 4.- *A Coroa Funcións Constitucionais do Rei. Sucesión e Rexencia.*
- 5.- *As Cortes Xerais. Composicións, Atribucións e Funcionamento*
- 6.- *O Goberno. Composición e funcionamento.*
- 7.- *Fases do Procedemento Administrativo Común. O Silencio Administrativo.*
- 8.- *O Concello. Termino Municipal. A Poboación. O Padrón de Habitantes. Dereitos e deberes dos veciños*
- 9.- *A organización Municipal. O Concello. o Alcalde, o Pleno, A Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas: Competencias.*
- 10.- *Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións e acordos.*
- 11.- *Ordenanzas e Regulamentos das Entidades Locais. Procedemento de elaboración e aprobación*
- 12.- *Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicacións e notificacións*
- 13.- *A contratación administrativa na esfera local. Clases de contratos. Formas de adxudicación.*
- 14.- *Os orzamentos Locais. Concepto e Estrutura.*
- 15.- *Formación e aprobación do orzamento local. Clasificación dos ingresos.*
- 16.- *Modificacións orzamentarias.*
- 17.- *Clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas. A oferta de emprego público*
- 18.- *Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais*
- 19.- *Situacións administrativas dos funcionarios de carreira.*
- 20.- *Regulamento Orgánico do Concello da Pobra do Brollón*

Bases da convocatoria para provisión en propiedade dunha praza de Técnico Local de Emprego (Axente de desenvolvemento local) incluída na oferta de emprego público do concello da Pobra do Brollón para o ano 2008

1.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto da convocatoria é a cobertura polo sistema de concurso, dunha praza de Técnico/a Local de Emprego (Axente de Desenvolvemento Local) como persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público do ano 2008, correspondente ó nivel de titulación de Diplomado Universitario, incluída no cadro de persoal deste Concello, e dotada coas retribucións establecidas no orzamento municipal.

2.- Funcións a desempeñar.

As funcións a desempeñar serán as propias do posto de traballo de Técnico/a Local de Emprego (Axente de Desenvolvemento Local) sendo fundamentalmente as seguintes:

2.1.- Colaborar na implantación das políticas activas de emprego, relacionadas coa creación de actividade empresarial.

2.2.- Xestionar axudas para favorece-lo emprego, centrándose sobre todo naqueles colectivos con maiores dificultades á hora de conseguir emprego.

2.3.- Informa-las empresas dos instrumentos dispoñibles de promoción e fomento da competitividade empresarial, así como facilita-lo seu acceso a estes.

2.4.- *Promove-la cultura emprendedora fomentando iniciativas empresariais e apoiando novos proxectos de autoemprego individual ou colectivo, informando das medidas de apoio existentes e poñendo en relación persoas emprendedoras e recursos.*

2.5.- *Comunicarlles ás empresas e persoas emprendedoras as subvencións para a formación e o emprego, así como facilita-lo acceso a elas.*

2.6.- *Facilita-la inserción laboral das persoas demandantes de emprego, en especial das participantes en políticas activas de emprego, identificando as necesidades de persoal das empresas a curto e medio prazo e propoñendo accións de mellora da empregabilidade da poboación desempregada.*

2.7.- *Observación estratéxica do territorio e realización de estudos co fin de detectar necesidades formativas e educativas da poboación desempregada.*

2.8.- *Contribuír ao desenvolvemento socioeconómico do territorio mediante: A prospección de recursos ociosos e infrautilizados e de proxectos empresariais de promoción económica e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego. A difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividades entre persoas desempregadas, promotores e promotoras, persoas emprendedoras e institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización e promoción empresarial.*

O acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento de empresas. O apoio os promotores/as de empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos/as tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento.

2.9.- *Calquera outra que axude á implantación das políticas activas de emprego, e a creación de emprego no Concello da Pobra do Brollón*

3.- *Requisitos dos aspirantes:*

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

➤ *Cidadanía:*

- *Ser cidadán español.*
- *Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea.*
- *Ser cónxuxe, non separado de dereito, de cidadán español ou dun Estado membro da Unión Europea.*
- *Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva ás súas expensas.*
- *Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.*
- *Ser estranxeiro con residencia legal en España.*

➤ *Idade:*

- *Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.*

➤ *Titulación:*

- *Estar en posesión do título de Diplomado Universitario ou título equivalente ou titulación superior en, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Socioloxía, Historia, Dereito, Ciencias Políticas e da Administración, Enxeñería de Montes ou Agrónoma, Empresariais, Relacións Laborais, Graduado Social ou Enxeñería Técnica Forestal ou Agrícola. ou en condi-*

cións de obtelo na data en que remate a presentación de instancias. (Deberá aportar fotocopia compulsada).

- *No caso doutras diplomaturas distintas das previstas na letra anterior, deberán de acreditar , ademais, dous anos de experiencia profesional ou coñecementos adquiridos en cursos universitarios de posgrao (máster ou de especialización), neste caso os cursos que se acrediten ou títulos ou experiencia que se acrediten como requisito non serán tidos en conta na fase de concurso.*
- *No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ó esixido ou obtido no estranxeiro, deberase xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.*

➤ *Outros:*

- *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante certificado médico oficial.*
- *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.*
- *Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.*

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

O mesmo tempo quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes.

4.- Dereitos de Exame.

Se establecen en vinte euros (20,00 €). O pagamento efectuarase na conta bancaria do concello na entidade Banco Pastor, número de conta, 0072.0204.61.0000109697).

5.- Presentación de solicitudes

- *Os aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar na instancia que figura como anexo das presentes bases, dirixida ó Alcalde, e que deberán presentar no rexistro xeral do Concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).*
- *As instancias poderán presentarse, así mesmo, por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*
- *As instancias irán acompañadas da seguinte documentación:*
 - *Copia compulsada do DNI ou pasaporte.*
 - *Copia compulsada do título requirido para acceder á praza.*
 - *Informe de vida laboral.*

- Documentos acreditativos dos méritos a valorar no concurso (orixinais ou copias compulsadas).
- Xustificante acreditativo do aboamento de pago dos dereitos de exame.

6.- Admisión de aspirantes:

Rematado o prazo de 20 días naturais fixados para a presentación de solicitudes, a Alcalde-Presidente ditará resolución, que será publicada no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina Web do Concello (www.pobradobrollon.com), indicando a relación de aspirantes admitidos e excluídos, se é o caso, coas causas da exclusión e co establecemento dun prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, corrección de defectos, e mellora de solicitudes nos termos definidos no artigo 71 da Lei 30/92, de non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Unha vez resoltas as reclamacións pola Alcaldía publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos, no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.pobradobrollon.com). Xunto coa publicación da lista definitiva, publicarase a composición do tribunal, e a data, hora e lugar en que se procederá a valoración dos méritos alegados.

Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

7.- Composición do tribunal.

O tribunal cualificador.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como Presidente. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. Será Secretario do tribunal un empregado do concello designado polo Alcalde.

A súa composición nominal se publicará no Boletín Oficial da Provincia conxuntamente coa fixación da data da valoración dos méritos alegados.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou de quen legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas nas probas que o estime necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e a súa actuación se limitará ó exercicio das súas especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, este estará clasificado na categoría b) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para re-

resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

8.- Procedemento de selección.

O sistema de selección, como se expresa na base primeira da presente convocatoria, será o de concurso específico de méritos, en atención a natureza específica do posto.

A valoración dos méritos alegados e acreditados, en tempo e forma polos aspirantes, farase de acordo co seguinte baremo.

- *Experiencia profesional*
 - *Por servizos prestados na Administración Pública Local, desempeñando postos de traballo asimilables coa praza que se convoca, 0,40 puntos por mes.*
 - *Por servizos prestados noutras Administracións Públicas, desempeñando postos de traballo asimilables coa praza que se convoca, 0,30 puntos por mes.*
 - *Por servizos prestados na empresa privada, desempeñando postos de traballo asimilables coa praza que se convoca, 0,20 puntos por mes.*

Máxima puntuación a acadar neste apartado, 45,00 puntos.

Para acreditar estes servizos deberá acompañar copia auténtica dos correspondentes nomeamentos ou contratos de traballo xunto co oportuno informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social. Os meses serán os que resulten de dividir o número total de días que figuren na vida laboral por 30.

- *Formación Profesional*
 - *Pola realización de masters ou curso de postgrado en materias directamente relacionadas co posto de traballo:*

<i>Duración</i>	<i>Puntos</i>
<i>De ata 500 horas</i>	<i>12</i>
<i>De máis de 500 horas</i>	<i>20</i>

- *Por realización de cursos ou xornadas relacionadas co posto de traballo, entendendo como tales, a simple título informativo e non limitativo, cursos de xestión de subvencións, xestión de recurso ou medioambiental, informática especializada, riscos laborais, xestión de empresas ou similares,*

<i>Duración</i>	<i>Puntos</i>
<i>Menos de 25 horas</i>	<i>1</i>
<i>De 25 ata 49 horas</i>	<i>2</i>
<i>De 50 ou máis horas</i>	<i>3</i>

- *Por realización de outros cursos indirectamente relacionados co posto de traballo, entendendo como tales, a simple título informativo e non limitativo, cursos de informática non recollidos no apartado anterior, cursos relacionados coa administración pública,*

<i>Duración</i>	<i>Puntos</i>
<i>Menos de 25 horas</i>	<i>0,5</i>
<i>De 25 ata 49 horas</i>	<i>1</i>
<i>De 50 ou máis horas</i>	<i>1,5</i>

Máxima puntuación a acadar neste apartado, 45,00 puntos.

- *Coñecemento da Lingua Galega.*

<i>Curso</i>	<i>Puntos</i>	<i>Curso</i>	<i>Puntos</i>
<i>Iniciación</i>	<i>2,00</i>	<i>Linguaxe administrativo iniciación</i>	<i>4,00</i>
<i>Perfeccionamento</i>	<i>4,00</i>	<i>Linguaxe administrativo medio</i>	<i>6,00</i>
		<i>Linguaxe administrativo superior</i>	<i>8,00</i>
<i>Só se puntúa o maior de cada columna</i>			

Máxima puntuación a obter neste apartado, 10,00 puntos.

Quen non dispoña de diploma acreditativo terá que realizar unha proba de tradución de galego a castelán e de castelán a galego que se puntuará cun máximo de 10,00 puntos. Así mesmo, quen acadar a máxima puntuación deste apartado poderá solicitar a realización voluntaria de dita proba a fin de poder acadar dito tope.

9.- Entrevista persoal

No caso de empate entre dous ou máis aspirantes, esta circunstancia resolverse por medio dunha entrevista persoal que se valorará de 0 a 10 puntos, e ós efectos de concreción dos méritos alegados que versará sobre o coñecemento do posto de traballo a desenvolver. Neste suposto, notificarase ós interesados cunha antelación mínima de 24 horas, indicando data, lugar e hora da entrevista, sendo por conta dos interesados no procedemento selectivo ós gastos que esta circunstancia lles puidese ocasionar.

A cualificación da entrevista será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal excluíndose as puntuacións que teñan unha diferenza superior a 2 puntos da media.

10.- Lista de aprobados.

Rematada a valoración dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do e na páxina web do Concello a relación dos mesmos por orde de puntuación obtida, coa indicación dos nomes e apelidos, co correspondente DNI, e coa indicación do candidato incluído na proposta para a formalización do contrato.

O tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ó Sr. Alcalde para que proceda á formalización do contrato.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso un número superior de concursantes ó da praza convocada. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

11.- Presentación de documentos e formalización do contrato.

No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte ó da publicación da lista de aprobados o aspirante proposto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os seguintes documentos:

- Declaración de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública.*
- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade conforme a lexislación vixente, referida ó nomeamento da función pública*
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da súa función.*

O aspirante que non presente a referida documentación no prazo indicado, salvo causa de forza maior, non poderá ser contratado quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo das responsabi-

lidades nas que se incorra por falsidade na súa solicitude para participar no correspondente proceso selectivo.

Cumpridos tódolos requisitos precedentes, o Alcalde- Presidente ditará resolución de nomeamento do aspirante proposto e procederá á formalización do contrato no prazo de un mes natural, contando dende o día seguinte a aquel no que se faga a correspondente notificación.

O contrato terá o carácter de indefinido, co período de proba regulamentario. Transcorrido o devandito período de proba satisfactoriamente, a persoa que o supere, conseguirá a condición de persoal laboral fixo.

12.- Lexislación.

En todo o previsto nestas bases, será de aplicación as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Lei 7/2007 de 13 de abril pola que se aproba o estatuto básico do empregado público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo polo que se aprobou o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Lexislativo 1/95, de 24 de marzo, de Estatuto dos Traballadores e a Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións públicas e o Procedemento Común en tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

13.- Impugnación da convocatoria e dos seus actos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Bases da convocatoria para provisión en propiedade de dúas praza de Auxiliar Administrativo incluída na oferta de emprego público do concello da Pobra do Brollón para o ano 2008.

1.- Sistema de provisión

Concurso oposición

2.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da convocatoria é a provisión en propiedade de dúas prazas de auxiliar administrativo, encadrada na Escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, pertencente ó Grupo C Subgrupo C-2. Ditas prazas están incluídas na oferta de emprego público do Concello da Pobra do Brollón para o exercicio 2008.

As presentes bases publicaranse integramente no BOP. Así mesmo anunciarase un extracto da convocatoria, no BOE e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Os sucesivos anuncios faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina Web (www.pobradobrollon.com), agás a relación provisional e definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a composición final do Tribunal cualificador e o lugar, día e hora de comezo das probas selectivas, que se publicará, así mesmo no BOP de Lugo.

3.- Dotación económica

A correspondente o grupo C-2 nivel de complemento de destino 10 e demais fixadas pola propia corporación a través dos orzamentos municipais.

4.- Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- *Cidadanía:*
 - *Ser cidadán español.*
 - *Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea.*
 - *Ser cónxuxe, non separado de dereito, de cidadán español ou dun Estado membro da Unión Europea.*
 - *Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva ás súas expensas.*
 - *Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.*
 - *Ser estranxeiro con residencia legal en España.*
- *Idade:*
 - *Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.*
- *Titulación:*
 - *Estar en posesión do título de graduado escolar ou equivalente en ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias*
 - *No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ó esixido ou obtido no estranxeiro, deberase xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.*
- *Outros:*
 - *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante certificado médico oficial.*
 - *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.*
 - *Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.*

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

O mesmo tempo quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes.

Nesta convocatoria e dado o número de prazas que se convocan é imposible aplicar a cota de reserva de discapacitados que establece o artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, sen prexuízo de que nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

5.- Dereitos de Exame.

Se establecen en vinte euros (20,00 €). O pagamento efectuarase na conta bancaria do concello na entidade Banco Pastor, número de conta, 0072.0204.61.0000109697).

6.- Presentación de instancias e documentación.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo, dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello da Pobra do Brollón. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello no modelo oficial que figura como anexo I desta Convocatoria e que se pode descargar da páxina web do concello, no prazo de vinte días (20) días contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Poderanse así mesmo remitir na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP E PAC)

Ás solicitudes debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican:

- a) Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da súa personalidade e nacionalidade.*
- b) Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4 referidos sempre ó día en que remate o prazo de presentación de instancias.*
- c) Xustificante acreditativo do aboamento de pago dos dereitos de exame.*

Para a fase de concurso, os aspirantes presentarán coa solicitude relación circunstanciada dos méritos que aleguen para dita fase, uníndolle á referida relación os documentos acreditativos dos méritos alegados, debidamente cotexados e na orde na que figuren nela.

7.- Admisión de aspirantes, data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na Páxina Web do concello.

Na publicación farase constar, apelidos, nome e número de DNI, así como se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes excluídos ou omitidos nas ditas relacións disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no BOP, conforme ó disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, par corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión das relacións de admitidos e excluídos. Se no dito prazo non se corrixen os defectos serán definitivamente excluídos da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva.

A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posible impugnacións ou recursos.

8.- Tribunais Cualificadores

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como presidente. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. A súa composición nominal se publicará no Boletín Oficial d Provincia conxuntamente coa fixación da data do primeiro exercicio. Como secretario do tribunal actuará un empregado do concello.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, en todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ó exercicio das especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, este estará clasificado na categoría c) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

9.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas e programa.

De conformidade co previsto no artigo 59.6 b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do procedemento selectivo, se publicarán no taboleiro de edictos do Concello así como na páxina web.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento que acredite de forma fidedigna a súa identidade a xuízo do tribunal.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ó que non comparezan.

Non obstante o anterior as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame. A citada notificación leva consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante ós datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoñía se proceda ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Dende a total conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito (48) horas e máximo de corenta días (40) días naturais.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase unha acta polo/a Secretario/a do mesmo na que se farán constar as cualificacións dos exercicios dos aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

9.- Sistema de selección e cualificación dos exercicios.

Na fase de concurso o tribunal valorará os méritos que aleguen e xustifiquen os aspirantes na solicitude e documentación anexa, do seguinte xeito:

A valoración dos méritos alegados e acreditados, en tempo e forma polos aspirantes, farase de acordo co seguinte baremo.

- *Formación académica:*
 - *Por ter titulación superior á esixida, 2 puntos.*
- *Experiencia profesional*
 - *Por ter servizos prestados na administración local en posto similar ou superior á praza que se convoca por tempo superior ós dous anos 3 puntos.*
 - *Por ter servizos prestados noutra administración pública en posto similar ou superior á praza que se convoca por tempo superior ós dous anos 2 puntos.*
 - *Por ter servizos prestados na empresa privada en posto similar ou superior á praza que se convoca por tempo superior ós dous anos 1 punto.*

Puntuación máxima en este apartado, 3 puntos.

Para acreditar estes servizos deberá acompañar copia auténtica dos correspondentes nomeamentos ou contratos de traballo xunto co oportuno informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social.

- *Formación Profesional*
 - *Por realización de cursos ou xornadas relacionadas co posto de traballo,*

<i>Duración</i>	<i>Puntos</i>
<i>Menos de 25 horas</i>	<i>0,50</i>
<i>De 25 ata 49 horas</i>	<i>1,00</i>
<i>De 50 ata 99 horas</i>	<i>1,50</i>
<i>De 100 ou máis horas</i>	<i>2,00</i>

- *Outros cursos formativos.*

Por realización de cursos indirectamente relacionados co posto de traballo, entendendo como tales, a simple título informativo e non limitativo, cursos de informática,

<i>Duración</i>	<i>Puntos</i>
<i>Menos de 25 horas</i>	<i>0,25</i>
<i>De 25 ata 49 horas</i>	<i>0,50</i>
<i>De 50 ata 99 horas</i>	<i>0,75</i>

De 100 ou máis horas	1,00
----------------------	------

Máxima puntuación a acadar neste apartado, 12,00 puntos

- Coñecemento da Lingua Galega.

Curso	Puntos	Curso	Puntos
Iniciación	0,5	Linguaxe administrativo iniciación	1,0
Perfeccionamento	1,0	Linguaxe administrativo medio	2,0
		Linguaxe administrativo superior	3,0
Máxima puntuación a acadar neste apartado (só se puntúa o maior de cada columna)			3,0

A asistencia a cursos deberá acreditarse mediante orixinal ou copia debidamente autenticada do diploma ou número de horas. De non indicarse o número de horas se entenderá inferior a 25.

Os servizos prestados nas Administracións públicas acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente.

Os servizos prestados na empresa privada acreditaranse mediante informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copias compulsadas dos contratos de traballo.

A fase de concurso será previa á da oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

A fase de oposición consistirá de catro exercicios que se indican a seguir:

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na contestación a un test de preguntas, relacionadas co temario unido ás presentes bases, escollido por sorteo realizado polo Tribunal no momento do exame, durante o período máximo de unha hora e trinta minutos, e que versará sobre algunha das materias contidas no temario da presente convocatoria (anexo I)

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun suposto práctico relativo as funcións propias da praza a que se opta. O tribunal determinará o tempo para a súa realización en función da complexidade do suposto elixido.

Terceiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá da demostración polos aspirantes do coñecemento e manexo dos programas informáticos de rexistro xeral, Padrón de habitantes xestión do I.M.V.T.M e xestión de taxas de auga, lixo e sumidoiros. O tribunal determinará o tempo para a súa realización en función da complexidade das probas que se determinen.

Ó fin de garantir a igualdade de oportunidades de tódolos aspirantes, o concello facilitará a quen o solicite unha copia “demo” dos indicados programas para que poidan aprende-lo seu manexo. Dita copia poderá ser retirada no concello dende a publicación destas bases no B.O.P., aínda antes da apertura do prazo de inscrición, previo aboamento dunha fianza de vinte euros (20,00 €). Dita fianza terá a consideración, de formalizarse a solicitude de admisión, de anticipo da correspondente taxa.

Cuarto exercicio: De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na tradución, de un texto proposto previamente polo tribunal, de castelán a galego e outro de galego a castelán nun tempo máximo de unha hora e media.

Todos os exercicios se cualificarán ata un máximo de dez puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos en cada un dos de carácter eliminatorio. A cualificación dos exercicios será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal excluín-dose as puntuacións que teñan unha diferenza superior a 2 puntos da media.

Antes da realización do primeiro exercicio sortearase a orde de intervención dos aspirantes naquelas probas que non poidan realizarse simultaneamente.

10.- Relación de aprobados.

O resultado final da oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios e fase de concurso. No caso de empate entre dous ou máis aspirantes, esta circunstancia resolverse por medio dunha entrevista persoal que se valorará de 0 a 10 puntos, e ós efectos de concreción dos méritos alegados que versará sobre o coñecemento do posto de traballo a desenvolver. Neste suposto, notificarase ós interesados cunha antelación mínima de 24 horas, indicando data, lugar e hora da entrevista, sendo por conta dos interesados no procedemento selectivo ós gastos que esta circunstancia lles puidese ocasionar.

A cualificación da entrevista será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal excluíndose as puntuacións que teñan unha diferenza superior a 2 puntos da media.

Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará públicas, nos lugares determinados, a relación definitiva dos aspirantes aprobados indicando o seu D.N.I. e pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarse ó señor alcalde coa proposta de nomeamento dos candidatos/as para o nomeamento de funcionarios.

Os tribunais non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

11.- Presentación de documentos.

Os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados/as no lugar indicado na base décima, apartado 2º, os documentos seguintes:

Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsu) do DNI ou pasaporte.

Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsu) do título académico, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.

Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado o acceso ó emprego público.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude de participación.

12.- Nomeamento e toma de posesión.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde efectuará o nomeamento, a favor dos candidatos propostos, como funcionarios de carreira.

O nomeamento deberá ser notificado ó interesado os cales deberán tomar posesión dentro do prazo máximo dun mes contado dende o día da data de notificación.

O nomeamento do candidato, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello, será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende o día da súa publicación do nomeamento, ou ben de recurso contencioso- administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día da publicación do nomeamento

Coa finalidade de facilitar a elaboración do recurso e de reforzar o principio de transparencia e igualdade, o expediente completo do proceso de selección, (que abranguerá as actas dos tribunais, as solicitudes dos candidatos cos documentos xustificativos dos méritos alegados e os exercicios escritos realizados por cada candidato), o Secretario do Tribunal, unha vez formalizada a proposta de resolución, o entregará o Secretario da Corporación, que estará obrigado a facilitar o seu acceso ós interesados en tanto a resolución non sexa firme.

No acto de toma de posesión, o funcionario nomeado deberá presentar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ó disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

13.- Impugnación

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I

PROGRAMA DE MATERIAS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura, principios xerais, a Reforma da Constitución. Dereitos e deberes fundamentais dos españois, a súa garantía e suspensión. O tribunal Constitucional. O Defensor do Pobo

Tema 2.- A Coroa. Funcións Constitucionais do Rei. Sucesión. A Rexencia e Tutela. O Referendo

Tema 3.- As cortes Xerais. O Goberno e a Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes

Tema 4.- Organización Territorial do Estado. As Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía.

Tema 5.- O Concello. Concepto e elementos. O Termino Municipal. A Poboación.

Tema 6.- Organización Municipal: Órganos do Concello. As competencias Municipais.

Tema 7.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día, Réxime de sesións e acordos. Votacións. Actas e Certificacións de acordos.

Tema 8: O Persoal o servizo da Administración Local. Dereitos de Deberes dos funcionarios. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O persoal Laboral.

Tema 9.- Ordenanzas e Regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os Bandos

Tema 10.- Os bens das Entidades Locais. Clasificación: Bens de dominio público, bens patrimoniais e bens comunais.

Tema 11.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Requisitos de eficacia dos actos administrativos. Executividade dos actos. Motivación e forma.

Tema 12.- O Procedemento administrativo: concepto e natureza. Fases do Procedemento administrativo. O silencio administrativo. Recursos administrativos. Concepto e clases.

Tema 13.- Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicacións e notificacións.

Tema 14.- Formas da acción administrativa. A concesión de licencias.

Tema 15.- Os contratos da Administración Local. Clasificación dos contratos. Os seus elementos. A selección do contratista. Adxudicación, formalización e execución do contrato. A extinción do contrato.

Tema 16.- As facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas Fiscais.

Tema 17.- Os orzamentos locais: concepto, principios e estrutura. Elaboración do orzamento. A súa liquidación.

Tema 18.- Regulamento orgánico do Concello da Pobra do Brollón

Tema 19.- Ordenanzas fiscais do Concello da Pobra do Brollón.

Tema 20.- Ordenanzas non fiscais do Concello da Pobra do Brollón.

(Para a preparación dos temas 18, 19 e 20 os aspirantes poderán descargar os documentos correspondentes na páxina web do concello ou solicitar a remisión dunha copia por correo electrónico).

Bases da convocatoria para provisión en propiedade de dúas prazas de Auxiliar Administrativo incluída na oferta de emprego público do concello da Pobra do Brollón para o ano 2008.

1.- Sistema de provisión

O sistema de provisión será o concurso.

2.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da convocatoria é a provisión en propiedade de dúas prazas de persoal laboral con categoría de auxiliar administrativo e a media xornada, asimiladas segundo o convenio colectivo do concello á Escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, Grupo C Subgrupo C2. Ditas prazas están incluídas na oferta de emprego público do Concello da Pobra do Brollón para o exercicio 2008.

As presentes bases publicaranse integramente no BOP. Así mesmo anunciarase un extracto da convocatoria, no BOE e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Os sucesivos anuncios faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina Web, agás a relación provisional e definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e a composición final do Tribunal cualificador e o lugar, día e hora de comezo do proceso selectivos, que se publicará, así mesmo no BOP de Lugo.

3.- Dotación económica

A correspondente o grupo C2 nivel de complemento de destino¹⁰ e demais fixadas pola propia corporación a través dos orzamentos municipais.

4.- Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

➤ Cidadanía:

- Ser cidadán español.*
- Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea.*
- Ser cónxuxe, non separado de dereito, de cidadán español ou dun Estado membro da Unión Europea.*
- Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva ás súas expensas.*
- Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.*

- *Ser estranxeiro con residencia legal en España.*
- *Idade:*
 - *Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.*
- *Titulación:*
 - *Estar en posesión do título de graduado escolar ou equivalente en ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias*
 - *No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ó esixido ou obtido no estranxeiro, deberase xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.*
- *Outros:*
 - *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante certificado médico oficial.*
 - *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.*
 - *Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.*

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

O mesmo tempo quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes.

Nesta convocatoria e dado o número de prazas que se convocan é imposible aplicar a cota de reserva de discapacitados que establece o artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, sen prexuízo de que nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

5.- Dereitos de Exame.

Se establecen en vinte euros (20,00 €). O pagamento efectuarase na conta bancaria do concello na entidade Banco Pastor, número de conta, 0072.0204.61.0000109697).

6.- Presentación de instancias e documentación.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo, dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello da Pobra do Brollón. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello no modelo oficial que figura como anexo I desta Convocatoria e que se pode descargar da páxina web do concello (www.pobradobrollon.com), no prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Poderanse así mesmo remitir na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1192, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP E PAC)

Ás solicitudes debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican:

- a) Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da súa personalidade e nacionalidade.*
- b) Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4 referidos sempre ó día en que remate o prazo de presentación de instancias.*
- c) Xustificante acreditativo do aboamento de pago dos dereitos de exame.*

Os aspirantes presentarán coa solicitude relación circunstanciada dos méritos que aleguen para o concurso, uníndolle á referida relación os documentos acreditativos dos méritos alegados, debidamente cotexados e na orde na que figuren nela.

7.- Admisión de aspirantes, data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes, pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na Páxina Web do concello.

Na publicación farase constar, apelidos, nome e número de DNI, así como se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes excluídos ou omitidos nas ditas relacións disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no BOP, conforme ó disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, par corrixi-los defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión das relacións de admitidos e excluídos. Se no dito prazo non se corrixen os defectos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións á lista provisional, elevarase a definitiva.

A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posible impugnacións ou recursos.

8.- Tribunal cualificador.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como presidente. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. A súa composición nominal se publicará no Boletín Oficial da Provincia conxuntamente coa fixación da data do comezo da valoración de méritos. Actuará como secretario do tribunal un empregado do concello.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, en todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ó exercicio das especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, este estará clasificado na categoría c) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

9.- Sistema de selección e cualificación dos exercicios.

No concurso o tribunal valorará os méritos que aleguen e xustifiquen os aspirantes na solicitude e documentación anexa, do seguinte xeito:

- *Por titulación superior a requirida, 2 puntos.*
- *Por cursos de galego*
 - *Iniciación 1 punto.*
 - *Perfeccionamento 2 puntos.*
 - *Quen non dispoña de diploma acreditativo terá que realizar unha proba de tradución de galego a castelán e de castelán a galego que se puntuará cun máximo de 2,00 puntos. Así mesmo, quen teña o curso de iniciación, pero non o de perfeccionamento poderá solicitar a realización voluntaria de dita proba a fin de poder acadar á máxima puntuación establecida neste apartado.*

A puntuación máxima a acadar por coñecemento de galego é de 2,00 puntos.

- *Por participación en cursos de formación impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das Administracións Públicas e sempre relacionados coas funcións propias da praza a que se aspira, en computo total de horas:*

<i>Tipo</i>	<i>Puntos/hora</i>
<i>Relacionados directamente co posto de traballo</i>	<i>0,02</i>
<i>Relacionados indirectamente co posto de traballo</i>	<i>0.01</i>
<i>Informática non incluídos no primeiro caso</i>	<i>0.01</i>

Puntuación máxima a acadar neste apartado: 6,00 puntos.

As xornadas ou cursos que non especifiquen horas se valorarán a razón de 4 horas diarias.

A asistencia a cursos deberá acreditarse mediante orixinal ou copia debidamente autenticada do diploma ou número de horas.

- *Por cada mes de servizo remunerado prestado na Administración Pública Local en posto de traballo igual ou similar ó que se aspira, 0.07 puntos.*
- *Por cada mes de servizo remunerado noutras Administracións en postos de traballo igual ou similar ó que se aspira, 0,05 puntos.*

- *Por cada mes de servizo remunerado na empresa privada en postos de traballo igual ou similar ó que se aspira, 0,03 puntos.*

Os meses serán os que resulten de dividir o número de xornadas que figuren na correspondente vida laboral por trinta.

Puntuación máxima a acadar neste apartado: 7,00 puntos.

10.- Relación de aprobados.

O resultado final do proceso selectivo virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos apartados indicados. No caso de empate entre dous ou máis aspirantes, esta circunstancia resolverse por medio dunha entrevista persoal que se valorará de 0 a 10 puntos, e ós efectos de concreción dos méritos alegados que versará sobre o coñecemento do posto de traballo a desenvolver. Neste suposto, notificarase ós interesados cunha antelación mínima de 24 horas, indicando data, lugar e hora da entrevista, sendo por conta dos interesados no procedemento selectivo ós gastos que esta circunstancia lles puidese ocasionar.

A cualificación da entrevista será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal excluíndose as puntuacións que teñan unha diferenza superior a 2 puntos da media.

Finalizado o proceso o tribunal fará publicas nos lugares determinados, a relación definitiva dos aspirantes aprobados indicando o seu D.N.I. e pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarse ó señor alcalde coa proposta de nomeamento dos candidatos /as para a súa contratación como persoal laboral.

Os tribunais non poderán declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ó das prazas que se convocan, resultando nulo de pleno dereito calquera acorde que contraviñese o disposto por esta norma.

11.- Presentación de documentos.

Os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados/as no lugar indicado na base décima, apartado 2º, os documentos seguintes:

- 1) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsu) do DNI ou pasaporte.*
- 2) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsu) do título académico, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.*
- 3) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.*
- 4) Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.*

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado o acceso ó emprego público.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude de participación.

12.- Nomeamento e toma de posesión.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde procederá á contratación laboral dos seleccionados, dentro do prazo máximo dun mes contado dende o día da data de notificación.

Dita contratación, que será publicada no taboleiro de edictos do Concello, será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende o día da súa publicación, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día da publicación.

Coa finalidade de facilitar a elaboración do recurso e de reforzar o principio de transparencia e igualdade, o expediente completo do proceso de selección, (que abranguerá as actas dos tribunais e as solicitudes dos candidatos cos documentos xustificativos dos méritos alegados, o Secretario do Tribunal, unha vez formalizada a proposta de resolución, o entregará o Secretario da Corporación, que estará obrigado a facilitar o seu acceso ós interesados en tanto a resolución non sexa firme.

13.- Impugnación

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Bases da convocatoria para provisión en propiedade de tres prazas de capataces incluídas na oferta de emprego público do concello da Pobra do Brollón para o ano 2008.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

E obxecto da convocatoria, é a provisión en propiedade por concurso de méritos específico, de tres prazas de capataces de servizos múltiples asimilada segundo o Convenio Colectivo do Concello ó Grupo E de Administración Xeral, Esta praza está dotada cos haberes básicos correspondentes e as retribucións outorgadas pola Corporación a nivel xeral.

A quen resulte nomeado aplicaráselle a Lei 53/84 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ó servizo das AA.PP.

As presentes bases, así como os seus anexos, rexerán o proceso selectivo, de conformidade co previsto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 30/84 de 2 de agosto, Lei 7/85 de 2 de abril, Lei 5/97 de 22 de xullo da Admón. Local de Galicia o R.D. 364/95 de 10 de marzo, R.D. 896/91 de 7 de xullo e Lei 4/88 de 26 de maio da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación.

SEGUNDA. Publicidade

As presentes bases, xunto cos seus anexos, publicaranse integramente no BOP de Lugo, e en extracto no BOE, con indicación do nº do BOP no que foron publicadas integramente.

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, publicaranse unicamente no taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello (www.pobradobrollon.com) conformidade co previsto no art. 59.13 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

TERCEIRA. Requisitos que han de reunir os aspirantes para concorrer á convocatoria.

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

➤ Cidadanía:

- Ser cidadán español.
- Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea.

- *Ser cónxuxe, non separado de dereito, de cidadán español ou dun Estado membro da Unión Europea.*
 - *Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva ás súas expensas.*
 - *Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.*
 - *Ser estranxeiro con residencia legal en España.*
- *Idade:*
- *Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.*
- *Titulación:*
- *Estar en posesión do título de certificado de estudos primarios ou equivalente en ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias*
- No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ó esixido ou obtido no estranxeiro, deberase xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.*
- *Outros:*
- *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante certificado médico oficial.*
 - *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.*
 - *Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.*

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

O mesmo tempo quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes.

CUARTA.- Presentación de solicitudes.

Os aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar na instancia que figura como anexo das presentes bases, dirixida ó Alcalde, e que deberán presentar no rexistro xeral do Concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOE)

As instancias poderán presentarse, así mesmo, por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As instancias irán acompañadas da seguinte documentación

- *Copia Compulsada do DNI*

- *Copia compulsada do título académico esixido na convocatoria.*
- *Informe de Vida Laboral.*
- *Documentación, orixinal ou copia compulsada, acreditativa dos méritos que alegue.*
- *Documento acreditativo do pago das taxas por importe de vinte euros (20,00 €).*

QUINTA.- Admisión de aspirantes:

Rematado o prazo de 20 días naturais fixados para a presentación de solicitudes, a Alcalde-Presidente ditará resolución, que será publicada no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina Web do Concello (www.pobradobrollon.com), indicando a relación de aspirantes admitidos e excluídos, se é o caso, coas causas da exclusión e coa indicción dun prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, corrección de defectos, e mellora de solicitudes nos termos definidos no artigo 71 da Lei 30/92, de non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Unha vez resoltas as reclamacións pola Alcaldía publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos, no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.pobradobrollon.com). Xunto coa publicación da lista definitiva, publicarase a composición do tribunal, e a data, hora e lugar en que se procederá a valoración dos méritos alegados.

Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

SEXTA.- Composición do tribunal.

O tribunal cualificador.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como presidente. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. Será Secretario do tribunal un empregado do concello designado polo Alcalde.

A súa composición nominal se publicará no Boletín Oficial da Provincia conxuntamente coa fixación da data da valoración dos méritos alegados..

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, en todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ó exercicio das especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, este estará clasificado na categoría c) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

SÉTIMA.- Procedemento de selección.

O sistema de selección, como se expresa na base primeira da presente convocatoria, será o de concurso específico de méritos, en atención a natureza específica do posto.

A valoración dos méritos alegados e acreditados, en tempo e forma polos aspirantes, farase de acordo co seguinte baremo.

Experiencia profesional

<i>Por servizos prestados na Administración Local en postos de traballo como peón, operario, capataz, membro de brigadas medio ambientais ou de protección forestal ou similares ós que se convocan, por cada mes ou fracción superior a 15 días,</i>	<i>0,07 puntos</i>
<i>Por servizos prestados noutras Administracións en postos de traballo similares ós descritos, por cada mes ou fracción superior a 15 días,</i>	<i>0,05 puntos</i>
<i>Por servizos prestados na empresa privada en postos de traballo similares ós descritos, por cada mes ou fracción superior a 15 días,</i>	<i>0,03 puntos</i>
<i>Máxima puntuación total polos tres apartados, 8,00 puntos. O computo de meses será o resultado de dividir o número total de días que resulten da vida laboral ou do certificado administrativo correspondente por 30.</i>	

Coñecemento do galego:

<i>Acreditado co correspondente diploma</i>	<i>2,00 puntos</i>
<i>Quen non dispoña de diploma acreditativo terá que realizar unha proba de tradución de galego a castelán e de castelán a galego que se puntuará cun máximo de 2,00 puntos</i>	

Entrevista persoal que se valorará ata un máximo de 3 puntos.

OITAVA.- Lista de aprobados.

Rematada a valoración dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do e na páxina web do Concello a relación dos mesmos por orde de puntuación obtida, coa indicación dos nomes e apelidos, co correspondente DNI, e coa indicación do candidato incluído na proposta para a formalización do contrato.

O tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ó Sr. Alcalde-Presidente para que proceda á formalización do contrato.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso un número superior de concursantes ó da praza convocada. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

NOVENA.- Presentación de documentos e formalización do contrato.

No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte ó da publicación da lista de aprobados o aspirante proposto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os seguintes documentos:

Declaración de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública.

Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade conforme a lexislación vixente, referida ó nomeamento da función pública

Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da súa función.

O aspirante que non presente a referida documentación no prazo indicado, salvo causa de forza maior, non poderá ser contratado quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que se incorra por falsidade na súa solicitude para participar no correspondente proceso selectivo.

Cumpridos tódolos requisitos precedentes, o Alcalde- Presidente ditará resolución de nomeamento do aspirante proposto e procederá á formalización do contrato no prazo de un mes natural, contando dende o día seguinte a aquel no que se faga a correspondente notificación.

O contrato terá o carácter de indefinido, co período de proba regulamentario. Transcorrido o devandito período de proba satisfactoriamente, a persoa que o supere, conseguirá a condición de persoal laboral fixo.

DÉCIMA.- Impugnación da convocatoria e dos seus actos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dezaoto de novembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

MARÍA JOSÉ LÓPEZ MORGADE, SECRETARIA EN FUNCIONS DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día nove de decembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día nove de decembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretaria en funcións por baixa do titular

María José López Morgade, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

+ Dáse conta da seguinte proposta da mesa de contratación do servizo de referencia:

Visto o proceso de contratación da obra que se indía, e tendo en conta que se presentou 1 proposición e tendo en conta a proposta da mesa de contratación, proponse a Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

1.- *Adxudicar a realización da obra de "Iluminación e dotación mobiliario urbano na rúa M^a Castaña" á empresa Narom S.L., con CIF número B-36163418, representada por D. Manuel Fernández- Morán con DNI número 34870987C no prezo ofertado de vinteseite mil setecentos cincuenta e un euros e vinteoito céntimos (27.751,28€), cunha baixa de mil trinta e oito euros e noventa e dous céntimos (38,92€).*

2.- *Os traballos se realizarán de acoro co establecido no proxecto da obra*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acordase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a nove de decembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezanove de decembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dezanove de decembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael

Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la certificación final e única da obra de "Iluminación e dotación de mobiliario urbano na rúa María Castaña" executada pola empresa Narom S..L. por un importe total de vinte e sete mil setecentos cincuenta e un euros con vinte e oito céntimos (27.751,28 €).

2.- Aproba-la recepción por parte do concello de ditas obras.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la certificación final e única da obra de "Acondicionamento do Campo da Festa de Outara" executada pola empresa Narom S..L. por un importe total de once mil douscentos trinta e tres euros con oitenta e tres céntimos (11.233,83 €).

2.- Aproba-la recepción por parte do concello de ditas obras.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la certificación final e única da obra de “Acondicionamento de praza pública en A Ferreirúa” executada pola empresa Narom S..L. por un importe total de dezaoto mil setecentos sesenta e seis euros con cinco céntimos (18.766,05 €).

2.- Aproba-la recepción por parte do concello de ditas obras.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dez de febreiro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día trinta de decembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- CONTA DE GASTOS.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aproba-la certificación número un e última da obra 54/2007 do Plan de Obras e Servizos (P.O.S.) "Acondicionamento e mellora de accesos aos núcleos de poboación de Piño, Eixón, Fornelas, Abrence, Estación e Domiz" por un importe total de oitenta e oito mil cincocentos euros (88.500,00 €) co detalle que se sinala:*

Achegas	Fondos propios	M.A.P.	Total
Concello	43.408,20		43.408,20
Deputación	15.030,60		15.030,60
M.A.P.		30.061,20	30.061,20
Total	58.438,80	30.061,20	88.500,00

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a trinta de decembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,